

Proposta de resolución con RESOLUCIÓN sobre a aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, da Estratexia de Desenvolvemento Local do grupo de desenvolvemento rural de Galicia GDR 17 Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia

I. ANTECEDENTES

1. O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño de futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). Dito acordo publicouse mediante Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022, a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. A Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023, estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG nº 89, do 10 de maio).

Instruído o procedemento, a directora xeral da Axencia, mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, seleccionou e aprobou as estratexias de desenvolvemento local, así como as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027. A dita Resolución foi rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024.

A selección quedou condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





3. A xunta directiva do grupo de desenvolvemento rural 17 Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia aprobou os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das súas Estratexias de Desenvolvemento Local.
4. O GDR 17 Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia remitiu á Axencia os citados criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, para a súa aprobación, segundo o cadro achegado:

Data aprobación xunta directiva	Data remisión Agader, nº rexistro	
28/06/2023	07/07/2023	2023/2004873
	18/03/2025	2025/771228

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Normativa xeral e específica de aplicación

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29 de decembro), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20 de abril).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21 de maio).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02 de outubro).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).
7. Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de





- procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).
8. Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio).
 9. Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.
 10. Resolución do 20 de maio de 2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

2.Competencia

A competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, é da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Segundo o artigo 20.7 das citadas bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, é a competente para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local, das que forman parte os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, aplicables na execución das citadas estratexias.

3.Valoración da documentación presentada polo GDR.

Tras a instrución do procedemento conséntase que:

-A entidade colaboradora GDR 17 Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 seleccionada pola Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024, presentou ante a Axencia as normas para a xestión das estratexias de desenvolvemento local, en particular, o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local.

-Que as normas referidas á estratexia do GDR17 Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia conteñen, ben na súa primeira versión, ben na modificada revisada tecnicamente pola Axencia, os límites de axuda pública máxima, os criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo, regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública e procedemento de priorización e selección dos





proxectos que contén coa verificación favorable do informe de control de elixibilidade por parte da Axencia), así como as limitacións sectoriais e fan referencia aos mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência, aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación, e o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR.

-Que as ditas normas foron aprobadas polo órgano competente do GDR.

En definitiva, o GDR seleccionado adecuou os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións sinaladas,

PROPOÑO

Que se aprrobe o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local do GDR 17 Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia que figuran como anexo deste documento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
Francisca María Gago Guillán

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Aprobar a proposta da Subdirectora de Relacións cos GDR nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(P.D.: art. 20.7 das bases reguladoras do 20.04.2022)
A directora xeral da Axencia
María Paz Rodríguez Rivera



gdr SALNÉS-ULLA-UMIA



ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



21·22



H. OBXECTIVOS

I. PLAN DE ACCIÓN

Índice de táboas.....	3
<i>CONSIDERACIÓNS PREVIAS</i>	4
<i>EPÍGRAFE H. OBXECTIVOS</i>	8
H.1. OBXECTIVOS XERAIS.....	13
H.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	14
H.3. INDICADORES PARA O SEGUIMENTO DO NIVEL DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS	18
<i>EPÍGRAFE I. PLAN DE ACCIÓN</i>	32
I.1. PLAN DE XESTIÓN.....	32
I.2. LIÑAS ESTRATÉXICAS E MEDIDAS OU LIÑAS DE ACTUACIÓN.....	44
I.3. PROXECTOS E ACCIÓNS ESPECÍFICAS CON IMPACTO SIGNIFICATIVO ..	48
I.4. ACTUACIÓNS PROPIAS DE ANIMACIÓN A REALIZAR POLO GRUPO	52
I.5. PLAN DE FORMACIÓN DO GDR	60
I.6. PLAN DE COOPERACIÓN E TRABALLO EN REDE CON OUTROS GDR E ENTIDADES	71
I.7. PLANIFICACIÓN TEMPORAL	86
I.8. NORMAS DE XESTIÓN E BAREMO.....	87
I.9. PLAN FINANCEIRO	134
I.10. PLAN DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.....	135



Índice de táboas

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia	13
Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia	14
Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos	18
Táboa 4. Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación.....	45
Táboa 5. Proxectos e accións específicas con impacto significativo	49
Táboa 6. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo ..	55
Táboa 7. Plan de formación	68
Táboa 8. Plan de cooperación e traballo en rede.....	71
Táboa 9. Planificación temporal dos proxectos e actividades	86



CONSIDERACIÓNS PREVIAS

O regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, no seu Título III destina o Capítulo II ao desenvolvemento local participativo. Dita normativa define os posibles apoios financeiros, fixa o contido das estratexias de desenvolvemento local e a súa selección, establece as tarefas e condicións dos grupos de desenvolvemento rural como entidades encargadas de concibir e levar á práctica as estratexias, e finalmente, determina os posibles tipos de axuda, etc..

O desenvolvemento local participativo é o instrumento de política territorial que consiste en ceder a iniciativa de planificación ás comunidades locais, organizadas en asociacións público-privadas, que elaboran e executan unha estratexia de desenvolvemento para un territorio determinado aproveitando os seus propios recursos.

No mesmo consolídase que a formulación do desenvolvemento local participativo, denominado «Leader» no marco do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), ou calquera outro instrumento territorial de apoio a iniciativas deseñadas polos Estados membros, debe basearse nas estratexias de desenvolvemento territorial e local.

Conforme o artigo 2 do regulamento (UE) 2021/2115, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da PAC (regulamento PEPAC), establécese que o Desenvolvemento Local Participativo aplicárase á axuda financiada polo FEADER. Concretamente regúlase a través do artigo 77 que ordena a concesión de axudas á cooperación nas que se inclúen a preparación e execución das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo definidas conforme ao regulamento 2021/1060.

Conforme ao indicado, é esencial que os grupos de acción local, que representan os intereses das comunidades locais, se encarguen do deseño e a execución das estratexias de desenvolvemento local participativo. Con todo, as estratexias territoriais deben desenvolverse e apoiarse baixo a responsabilidade das autoridades ou organismos pertinentes, sendo as mesmas as encargadas da súa selección. Por tanto, a autoridade de xestión ou órgano que conteña as competencias neste ámbito, no caso actual a Agader, definirá os criterios de selección das devanditas estratexias.

Este instrumento, por tanto, continúa e profundiza nunha nova etapa as experiencias das súas antecesoras Leader I (1989-1993), Leader II (1994-1999), Leader PLUS (2000-2006), enfoque Leader (2007-2013) e Leader (2014-2020).



O GDR Salnés xa comezou a súa andaina neste proceso no ano 2000-2006 co PRODER II cando agrupaba os 9 Concellos do Salnés, ata a actualidade co Leader 2014-2020 xunto con sete concellos máis pertencentes a Ulla-Umia.

Segundo recolle o Anexo C das “bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradas na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local.

A proposta de Estratexia de desenvolvemento local do **GDR SALNÉS-ULLA-UMIA** presenta os apartados **H-OBXECTIVOS** e **I-PLAN DE ACCIÓN** co contido que se indica a continuación:

A) Obxectivos

A partir das conclusións obtidas nas epígrafes anteriores, defínense os obxectivos que se pretenden acadar coa estratexia, ordenándoos de xeito xerárquico.

B) Plan de acción

Como resultado final, descríbese un plan de acción que inclúe, o seguinte contido:

- Identificación das **liñas estratéxicas e propostas de actuación** para a consecución dos obxectivos definidos no punto anterior.
- Identificación de **proxectos que terán un impacto significativo** nos obxectivos e liñas estratéxicas de actuación, identificando novos servizos, produtos e intervencións necesarios para o desenvolvemento local.
- Programación das **actuacións propias de animación** para realizar polo grupo.
- **Plan de formación** cunha planificación dos cursos, na que conste o diagnóstico do mercado laboral do territorio, a identificación dos sectores aos que se dirixirán as actividades formativas e os requisitos mínimos para a selección do persoal formador e do alumnado.
- **Plan de cooperación con outros GDR e entidades**, onde se identifiquen as sinerxías con outros grupos ou territorios e as fórmulas de colaboración futuras mediante proxectos de cooperación ou novas formas de colaboración e accións concretas para desenvolver.



- **Normas para a xestión** da estratexia de desenvolvemento local, en particular, o plan de xestión e criterios de selección aplicables.
- **Plan financeiro** do gasto público previsto.
- **Plan de Seguimento.**



**ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL
PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027
EPÍGRAFE “H”**



EPÍGRAFE H. OBXECTIVOS

O Desenvolvemento Local Participativo é o instrumento de política territorial que responde o reto principal de conseguir un desenvolvemento equilibrado, utilizando os principios metodolóxicos Leader. O método Leader consiste en ceder a iniciativa de planificación ás comunidades locais, que, organizadas en asociacións público-privadas como os Grupos de desenvolvemento rural, elaboran e executan unha estratexia de desenvolvemento para un territorio determinado aproveitando os seus recursos. Este enfoque ascendente implica un reto de dinamización social para conseguir unha maior implicación da poboación na solución dos problemas comúns que lles afectan e un maior compromiso nas actuacións que proxectan e débese traducir nun aumento da gobernanza local.

A estratexia de desenvolvemento local é o documento a través do cal o territorio pon en liza esta gobernanza e polo tanto a liña de acción a seguir para acadar os obxectivos que o territorio se propoña para rachar cos desequilibrios propios do territorio rural.

Para elo, e sempre tendo en conta as principais directrices europeas, os GDR deben de delimitar cales son os seu principais obstáculos e cales son as apostas estratéxicas para solventar os mesmos, sempre tendo en conta que o que se pretende en todo caso é:

- Fomentar a creación de emprego, atendendo ás necesidades dos sectores tradicionais agrícola, gandeiro, e forestal, así como o apoio a PEMES noutras actividades en apoio á diversificación da economía rural, favorecendo a formación, a innovación e aos emprendedores.
- Utilización eficiente dos recursos naturais e o mantemento, conservación e recuperación do patrimonio cultural, histórico, arquitectónico e medio ambiental e a súa valorización e explotación sostible
- Mellora dos servizos públicos e a calidade de vida, que axude a paliar o déficit de oportunidades respecto do medio urbano, con especial atención á poboación máis desfavorecida ou en risco de exclusión.

Para o establecemento dos obxectivos que se definen deseguido tívose en conta de xeito preferente a análise socioeconómica realizada na fase previa á redacción desta epígrafe (Epígrafe B) xunto coas conclusións extraídas no proceso participativo relacionado no Epígrafe A.

Esta fase de definición estratéxica dou como consecuencia unha DAFO que se relaciona a continuación e cuxo resultados son os que, ben para potenciar os seus valores



positivos ou para corrixir os desequilibrios provintes dos seus valores negativos, se ten en conta á hora de xustificar cada obxectivo xeral ou específico.

DEBILIDADES	
1	MELLORA DAS PRESTACIÓNS DE ABASTECIMENTO DE AUGA Á UNHA POBOACIÓN SOBREELEVADA Á REALIDADE UNHA VEZ O NÚMERO DE VISITAS E TURISTAS INCREMENTAN EN MÁIS DUN 40% A POBOACIÓN MEDIA ANUAL DO TERRITORIO
2	MELLORA DAS PRESTACIÓNS DE SANEAMENTO E CUESTIÓNS RELACIONADAS A UNHA POBOACIÓN SOBREELEVADA Á REALIDADE UNHA VEZ O NÚMERO DE VISITAS E TURISTAS INCREMENTAN EN MÁIS DUN 40% A POBOACIÓN MEDIA ANUAL DO TERRITORIO
3	NON EXISTENCIA DE ELEMENTOS DE CONECTIVIDADE ENTRE AS DIFERENTES LOCALIDADES PARA MELLORAR OS FLUXOS ECONÓMICOS E A DINAMIZACIÓN DO COMERCIO INTERIOR (TRANSPORTE PÚBLICO)
4	NON EXISTENCIA DE CHAN INDUSTRIAL DIVERSO E CON CAPACIDADE DE ACOLLER DE XEITO PRINCIPAL NOVA INDUSTRIA INNOVADORA
5	NIVEL BAIXO DE MODERNIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL
6	DIFICULTADE COA NORMATIVA DO SOLO PARA LIMITAR O ESTABLECEMENTO DE PROXECTOS QUE NON VAN NA LIÑA DO “CONTROL” MASIVO DE TURISTAS (CÁMPINGS DE LOW COST, ETC..)
7	BAIXA CUALIFICACIÓN NA MAN DE OBRA AGRARIA
8	MALA CONECTIVIDADE DA INTERNET NO TERRITORIO. ESCASEZ DE NÚCLEOS CON FIBRA ÓPTICA INSTALADA
9	COMPLEXIDADE NA COMPLEMENTARIDADE DAS ACTIVIDADES TURÍSTICAS, PESQUEIRAS, AGRARIAS E A CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL
10	DISPERSIÓN DA POBOACIÓN, CUN NÚMERO MOI IMPORTANTE DE NÚCLEOS CON MENOS DE 6.000 HABITANTES POR TODO O TERRITORIO, QUE DIFICULTA UNHA PLANIFICACIÓN TERRITORIAL AXEITADA E SUPÓN A DEDICACIÓN DE IMPORTANTES RECURSOS PARA UN DESENVOLVEMENTO EQUILIBRADO
11	ELEVADA DENSIDADE DE POBOACIÓN NALGUNHAS ZONAS DO TERRITORIO, ESPECIALMENTE COMPARADA COA MEDIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E DE GALICIA, QUE SUPÓN UNHA RELEVANTE PRESIÓN SOBRE OS RECURSOS DA ZONA E A COMPETENCIA POLO SEU USO (USO SOCIAL, USOS PRODUTIVOS,...).
12	ELEVADA FRAGMENTACIÓN DA PROPIEDADE DA TERRA E REDUCIDO TAMAÑO DAS PARCELAS, SENDO MENORES QUE NA MEDIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E DE GALICIA, QUE DIFICULTA A VIABILIDADE E RENDIBILIDADE DE ACTIVIDADES PRODUTIVAS
13	MAIOR ÍNDICE DE DEPENDENCIA NA ÁREA CON RESPECTO A GALICIA, QUE SUPÓN A NECESIDADE DE DOTACIÓN DE POLÍTICAS SOCIAIS E SERVIZOS RELACIONADOS (EDUCACIÓN, OCIO, CULTURA,...) E UNHA MAIOR DEDICACIÓN DE RECURSOS PARA FACILITAR O ACCESO AO PRIMEIRO TRABALLO NA XUVENTUDE
14	EVOLUCIÓN NEGATIVA NOS ÚLTIMOS ANOS DA MAIORÍA DOS INDICADORES DE POBOACIÓN NOS ÚLTIMOS ANOS, COMO PODEN SER OS ÍNDICES DE XUVENTUDE, ENVELLECIMENTO E IDADE MEDIA DA POBOACIÓN
15	DESEQUILIBRIOS NO EMPREGO DAS MULLERES EN SECTORES INDUSTRIAIS, QUE DIFICULTA O DESENVOLVEMENTO EQUILIBRADO DO EMPREGO, TENDO EN CONTA A TENDENCIA A NÚCLEOS FAMILIARES MATRIARCAIS (COIDADO DE NENOS, PERSOAS MAIORES, DEPENDENTES,...).



16	BAIXO GRAO DE EXISTENCIA DE CENTROS DE ENSINO POSTOBRIGATORIO, FUNDAMENTALMENTE EN ZONAS DO INTERIOR, DERIVADO DA LOCALIZACIÓN DA POBOACIÓN, QUE UNIDO Á FALTA DE OUTROS SERVIZOS LIMITA O GRAO DE ATRACTIVO DESTAS ZONAS PARA VIVIR E PRODUCIR.
17	EXCESIVO NÚMERO DE EMPRESAS DE REDUCIDO TAMAÑO E AUTÓNOMOS, QUE DIFICULTA A SÚA COMPETITIVIDADE NUN MERCADO GLOBAL
18	EXISTENCIA DE ECONOMÍAS SECUNDARIAS E COMPLEMENTARIAS (HORTA, VIÑEDO, ALUGUER DE SEGUNDAS RESIDENCIAS,...) QUE SUPÓN UNHA MENOR PROFESIONALIZACIÓN NALGUNHAS ACTIVIDADES, EROSIONANDO A IMAXE GLOBAL DA ÁREA E DIFICULTANDO O CRECEMENTO EMPRESARIAL
19	BAIXO GRAO DE DESENVOLVEMENTO DE PRODUCIÓN SILVÍCOLAS COMPLEMENTARIAS (MEL, CASTAÑAS, COGOMELOS, SILVOPASTOREO, ENERXÍAS RENOVABLES,...) QUE LIMITA O CRECEMENTO DO VALOR DA PRODUCCIÓN AGRARIA E FORESTAL NO TERRITORIO
20	LIMITADA CAPACIDADE DOS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS DA ÁREA PARA ACCEDER Á GRAN DISTRIBUCIÓN ALIMENTARIA, DERIVADO DO BAIXO NIVEL DE TRANSFORMACIÓN DOS PRODUTOS (APENAS SE DESENVOLVEN PRODUTOS DE 4ª E 5ª GAMA) E DA DIMENSIÓN EMPRESARIAL CON RESPECTO AOS COMERCIALIZADORES

AMEAZAS

1	A MASIFICACIÓN DO TURISMO PODE POÑER EN PERIGO O CORRECTO SERVIZO DE ABASTACEMENTO DE AUGA
2	A MASIFICACIÓN DO TURISMO E A SÚA AFECCIÓN SOBRE UN ENTORNO NATURAL IMPRESCINDIBLE PARA O SALNÉS COMO DESTINO TURÍSTICO
3	O DESEQUILIBRIO ENTRE AS ÁREAS COSTEIRAS E AS INTERIORES PODE POTENCIAR UN TERRITORIO DE DÚAS VELOCIDADES
4	A PRESIÓN URBANÍSTICA DA SEGUNDA VIVENDA PODE SUPOÑER UN ALTO CUSTO NA DOTACIÓN DE SERVIZOS PARA CIDADÁNS QUE NON TRIBUTA NO TERRITORIO COAS CONSEGUINTE DIFICULTADES POR PARTE DOS CONCELLOS PARA ATENDER AS NECESIDADES DA POBOACIÓN
5	O MONOCULTIVO TURÍSTICO. A ESPECIALIZACIÓN TURÍSTICA PODE FREAR INICIATIVAS DE APROVEITAMENTO AGRARIO DO TERRITORIO E POLO TANTO O ABANDONO DA TERRA, O QUE XERARÍA PROBLEMAS AMBIENTAIS (INCENDIOS)
6	AS DIFICULTADES NORMATIVAS PARA CONTROLAR A IMPLANTACIÓN DE PROPOSTAS TURÍSTICAS DE BAIXO PODER ADQUISITIVO QUE NON PERMITAN CONVERTER O TERRITORIO NUN DESTINO DE TURISMO DE CALIDADE
7	BAIXA FORMACIÓN DUN IMPORTANTE NICHU NO SECTOR XUVENIL QUE NON ADVIRTE PROBLEMÁTICA ANTE A FACILIDADE AO ACCESO A UN EMPREGO DE BAIXA CUALIFICACIÓN FORMATIVA
8	AS DIFICULTADES DE CONECTIVIDADE DE INTERNET PODEN DESLOCALIZAR EMPRESAS ASENTADAS E DIFICULTAR A IMPLANTACIÓN DE NOVAS
9	O NON APROVEITAMENTO DO CHAN CON VOCACIÓN FORESTAL DEBIDO A FALTA DE INTERESE DO MESMO COMO ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA
10	PROBLEMÁTICA INFLACIONISTA NOS PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN, QUE SUPÓN UN IMPORTANTE DESAXUSTE NOS CUSTES EMPRESARIAIS E UNHA MENOR CAPACIDADE DE CONSUMO DAS FAMILIAS
11	INCREMENTO SUCESIVO DOS CUSTES DAS MATERIAS PRIMAS (PENSOS, COMBUSTIBLES, ENERXÍA,...) CON ESPECIAL INCIDENCIA NAS ACTIVIDADES AGROFORESTAS (MODELO DE ALIMENTACIÓN ANIMAL BASEADO EN PENSOS E FORRAXES, CUSTE ENERXÉTICO), E QUE AUMENTA O RISCO DE IMPORTACIÓN DE PRODUTOS DOUTRAS ZONAS COMPETIDORAS



12	REDUCCIÓN DO PESO DAS TENDAS TRADICIONAIS COMO CANAL DE VENDA E INCREMENTO DAS GRANDES SUPERFICIES, ANTE AS QUE AS EMPRESAS DE MENOR DIMENSIÓN TEÑEN UN ESCASO PODER NEGOCIADOR, PRESIONANDO A GRAN DISTRIBUCIÓN EN OFERTA E PREZOS
----	---

FORTALEZAS	
1	A MARCA "SALNÉS"
2	PRIMEIRO DESTINO TURÍSTICO DE GALICIA/NORTE DE ESPAÑA EN RELACIÓN AO NÚMERO DE PRAZAS HOTELEIRAS
3	ABUNDANCIA DE ELEMENTOS HISTÓRICO-PATRIMONIAIS DE INTERESE, DESTACANDO AQUELES RELACIONADOS COA ARQUITECTURA CIVIL (PAZOS, FÁBRICAS ANTIGAS DA LUZ, ETC..
4	CONTORNO NATURAL IDÓNEO E DIVERSO (MAR-INTERIOR) CON ALTO VALOR PAISAXÍSTICO COMO PUNTO DE INTERESE TURÍSTICO
5	A IMPLANTACIÓN DO SECTOR DO VIÑO TANTO NA ÁREA DE PRODUCCIÓN E TRANSFORMACIÓN COMO NO RELACIONADO CO DESENVOLVEMENTO DO ENOTURISMO
6	FORTE DINAMISMO ECONÓMICO DE PEQUENAS EMPRESAS E PEMES. ALTA CAPACIDADE NO SECTOR A TRANSFORMACIÓN AGROALIMENTARIA DESTACANDO O VIÑO E OS PRODUTOS DO MAR (SECTOR CONSERVEIRO)
7	VARIADO E NUMEROSOS PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE OCIO E CULTURAIS, SOBRE TODO EN PERÍODOS VACACIONAIS
8	POTENCIAL DA PRODUCCIÓN FORESTAL E CORRECTA ORDENACIÓN DA MESMA
9	POSITIVA LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO TERRITORIO NO MARCO DE GALICIA, CON POTENCIAIS INTERRELACIÓNS COAS PRINCIPAIS ZONAS DE DESENVOLVEMENTO DE GALICIA NO EIXE PONTEVEDRA-ÁREA METROPOLITANA DE VIGO-NORTE DE PORTUGAL E NO EIXE TABEIRÓS-TERRA DE MONTES-BARBANZA-SANTIAGO, CON POTENCIALIDADE PARA ACTUAR COMO NÚCLEO DE CENTRALIDADE
10	IMPORTANTE CAPACIDADE PRODUTIVA DO TERREO, DERIVADO DAS CARACTERÍSTICAS EDAFOLÓXICAS DO SOLO E DO CLIMA SUAVE, QUE FACILITA O DESENVOLVEMENTO DE PRODUCIÓNS AGRO-FORESTAIS DE ELEVADO VALOR ENGADIDO (VIÑO E DERIVADOS, AGRICULTURA ECOLÓXICA O INTEGRADA, PRODUCIÓNS DE CARNE ECOLÓXICA,...), ESPECIALMENTE NAS ZONAS DO INTERIOR.
11	IMPORTANTE EXISTENCIA DE PARQUES EMPRESARIAIS EN DESENVOLVEMENTO NO TERRITORIO (BARRO-MEIS, CATOIRA, CALDAS DE REIS,...), OU CON POTENCIAL PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, QUE PODEN DOTARSE DE SERVIZOS AVANZADOS E BOAS COMUNICACIÓNS, COMO FACTORES DE ATRACCIÓN DE INVESTIMENTOS PRODUTIVOS E MELLORA DAS EMPRESAS ACTUAIS
12	PERSPECTIVAS FAVORABLES DERIVADAS DA PARADA DO TREN DE ALTA VELOCIDADE EN VILAGARCÍA, COMO FACTOR DE ATRACCIÓN DE TURISMO, COMERCIO, INVESTIMENTOS PRODUTIVOS E A ACCESIBILIDADE A MERCADOS EXTERIORES.
13	EXISTENCIA DE NICHOS DE EMPREGO FEMININOS RELEVANTES NALGUNHAS ACTIVIDADES DA COMARCA (DE FORMA DESTACADA NOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN E SERVIZOS PERSOAIS), QUE SUPÓN UN FACTOR POSITIVO PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
14	IMPORTANTE GRAO DE COMPLEMENTARIEDADE E POTENCIAL PARA A XERACIÓN DE SINERXÍAS ENTRE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS DE RELEVANCIA NA COMARCA (TURISMO CON FORESTAL, TURISMO CON AGROPECUARIO, FORESTAL CON ENERXÍAS ALTERNATIVAS,...), CUNHA IMPORTANTE EXPERIENCIA DO TECIDO ASOCIATIVO A NIVEL LOCAL (ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS SECTORIAIS).



15	IMPORTANTE PESO DO SECTOR VITIVINÍCOLA NA PRODUCCIÓN AGRARIA DA ZONA, CON IMPORTANTES CRECEMENTOS NO NÚMERO DE ADEGAS, VITICULTORES E SUPERFICIE ACOLLIDA Á DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS, INCORPORANDO TAMÉN ACTIVIDADES RELACIONADAS CO TURISMO (RUTA DO VIÑO, MUSEO DO VIÑO, FESTA DO ALBARIÑO, FESTA DO VIÑO TINTO DO SALNÉS,...).
----	---

OPORTUNIDADES	
1	O FEITO DE SER UN DESTINO TURÍSTICO CONSOLIDADO OFRECE A POSIBILIDADE DE CREAR EMPRESAS INNOVADORAS NA OFERTA DE SERVIZOS A VISITANTES CON MÍNIMO RISCO DE FRACASO (EMPRESAS DE ACTIVIDADES, ETC...)
2	A APOSTA POLO ENOTURISMO E O DESENVOLVEMENTO TOTAL DO MESMO POR PARTE DAS BODEGAS VISITABLES
3	A CREACIÓN DE SENDAS E RUTAS NATURAIS QUE CREEN PRODUTOS TURÍSTICOS ALTERNATIVOS AO "SOL E PRAIA"
4	A CREACIÓN DE EMPRESAS DE XESTIÓN DE RESIDUOS (PRINCIPALMENTE OS RELACIONADOS CO MUNDO DO MAR) QUE AFONDEN NA NECESIDADE DO TERRITORIO DE TER UN ENTORNO NATURAL CONSERVADO EN EXCELENCIA
5	O EMPRENDEMENTO NO SECTOR DOS COIDADOS Á TERCEIRA IDADE, OS NENOS E O RESTO DE COLECTIVOS DESFAVORECIDOS, ATA O DE AGORA MOI DEPENDENTES DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS
6	O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADE ORDENADA DOS MONTES VECIÑAIS COMO NICHOS DE APROVEITAMENTO DO POTENCIAL FORESTAL DO TERRITORIO
7	A REHABILITACIÓN INTEGRAL DE PATRIMONIO HISTÓRICO QUE FAVORECERA NON SOLO A CREACIÓN DE NOVOS PUNTOS DE INTERESE SENON A APARICIÓN DE NOVOS ESPAZOS DE SERVIZOS Á POBOACIÓN (EX.: CENTRO DE FORMACION DO PAZO DE VISTA REAL EN VILANOVA DE AROUSA)
8	O MICROCLIMA DO TERRITORIO FAVORECE A IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADES DE OCIO AO AIRE LIBRE (FESTAS, FESTIVAIS, ETC...)
9	AS AXUDAS NEXTGENERATION COMO PALANCA DE ACCESO A MODERNIZACIÓN DAS EMPRESAS (DIXITALIZANDOAS) OU COMO FÓRMULA PARA FAVORECER O NACEMENTO DE NOVAS INICIATIVAS
10	CAMBIOS NO ESTILO DE VIDA QUE POTENCIALMENTE DEMANDA PRODUTOS DE ALTO VALOR ENGADIDO (PRODUTOS PRECOCIÑADOS SAUDABLES, BAIXO CONTIDO EN GRAXA, PRODUTOS FUNCIONAIS,...) OU NOVAS FORMAS DE COMERCIALIZACIÓN (RESTAURANTES DE COMIDA PARA LEVAR, VENDA POR INTERNET,...), CONSIDERANDO EN MAIOR MEDIDA ASPECTOS COMO A REDUCCIÓN DOS TEMPOS DEDICADOS Á COMPRA E Á COCIÑA, ASÍ COMO A PREOCUPACIÓN POLA ESTÉTICA E SAÚDE.
11	IMPORTANCIA DO FACTOR SOCIOCULTURAL LIGADO AO MONTE EN GALICIA, POTENCIÁNDOSE A IMPORTANCIA DOUTROS USOS DO MONTE (PAISAXÍSTICO, ECOTURISMO, DEPORTES VINCULADOS Á NATUREZA).
12	TENDENCIA DA GRAN DISTRIBUCIÓN ALIMENTARIA A TER UNHA RELACIÓN DIRECTA COS PRODUTORES, QUE SUPÓN UNHA OPORTUNIDADE DE CHEGADA A ESTE TIPO DE CANLES
13	INCREMENTO DA FRAGMENTACIÓN DOS MERCADOS, QUE FAVORECE A ESPECIALIZACIÓN DAS EMPRESAS DE MENOR DIMENSIÓN EN NICHOS DE MERCADO CONCRETOS (PRODUTO ARTESÁN, GOURMET, ECOLÓXICO,...) NO QUE PODEN SER COMPETITIVOS.
14	IMPORTANTE ORIENTACIÓN DOS FONDOS E INICIATIVAS PÚBLICAS (EUROPEAS, ESTATAIS, REXIONAIS...) AO FINANCIAMENTO DA INNOVACIÓN BAIXO DIVERSAS FÓRMULAS DE APOIO, ESTANDO PRESENTE EN PRACTICAMENTE TODAS AS CONVOCATORIAS DE AXUDAS



15	IMPORTANTE DESENVOLVEMENTO DE NOVAS TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN CON POTENCIALIDADE PARA A SÚA APLICACIÓN NA MELLORA DOS PROCESOS DE NEGOCIO DAS EMPRESAS (SISTEMAS DE CONEXIÓN CON CLIENTES, XESTIÓN DE STOCKS EN TEMPO REAL, SIMULACIÓN DE PROCESOS E PRODUTOS...).
16	EXISTENCIA DE INICIATIVAS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS PARA O DESENVOLVEMENTO E DINAMIZACIÓN RURAL, TRATANDO DE FAVORECER O CRECEMENTO EQUILIBRADO DO TERRITORIO
17	IMPORTANTE APOIO ÁS PRODUCIÓNS AGROALIMENTARIAS GALEGAS A TRAVÉS DOS DISTINTOS SELOS DE CALIDADE QUE DISTINGUEN OS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS POLA SÚA ORIXE, SE BEN CON CERTAS LIMITACIÓNS NA SÚA APLICACIÓN A PRODUTOS DE MAIOR ELABORACIÓN (CUARTA E QUINTA GAMA).
18	IMPULSO DA INICIATIVA PÚBLICA NO DESENVOLVEMENTO DOS “BANCOS DE TERRAS”, QUE TRATA DE ORIENTAR A UN USO PRODUTIVO DETERMINADAS PARCELAS, REDUCINDO EN CERTA MEDIDA O ABANDONO DAS EXPLOTACIÓNS E INCREMENTANDO A SÚA RENDIBILIDADE

H.1. OBXECTIVOS XERAIS

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia

Orde	Obxectivos xerais	Liña estratéxica da U.E. 2023-2027	Xustificación no marco da estratexia (*)
1º	Diversificación da economía, mellora da competitividade empresarial e innovación	Emprego Innovación	DEBILIDADES. 3, 4, 5, 6 AMENAZAS. 1, 2, 3, 6, 12 FORTALEZAS. 1, 2, 3, 9, 11, 12, 14 OPORTUNIDADES. 1, 2, 3, 14
2º	Plan de dixitalización	Emprego Innovación	D. 8 A. 3, 8 F. 11 O. 9, 14, 15
3º	Aplicación da estratexia europea "da granxa á mesa"	Emprego Innovación Cambio climático Loita contra a pobreza	D. 7, 9, 18, 20 A. 10 F. 5, 6, 10, 15 O. 10, 12, 13, 17, 18
4º	Mellora da eficiencia enerxética e emprego de enerxías limpas	Emprego Innovación Cambio climático Eficiencia enerx.	D. Non detectadas A. 10, 11 F. Non detectadas O. 14
5º	Medidas de responsabilidade social	Emprego Cambio climático	D. 10, 13, 14, 15, 16 A. 7 F. Non detectadas



		Eficiencia enerxética Educación	O. 5, 16
6º	Servicios básicos asistenciais	Emprego Loita contra a pobreza	D. 10,13 A. 7 F. 13 O. 5
7º	Conservación do patrimonio rural (natural e etnográfico)	Emprego Cambio climático Educación	D. 9 A. 1, 2, 5, 6 F. 3, 4, 7 O. 3, 4, 6, 7

Leader é ante todo unha medida que fomenta a cooperación entre diferentes entidades tanto públicas como privadas para mellorar a relación de gobernanza entre as mesmas sobre o territorio de actuación. Debido a iso e con carácter transversal relacionase un novo obxectivo xeral que non conleva de por si unha priorización sobre aqueles delimitados con carácter previo senón que pretende ser unha liña de actuación por parte dos axentes territoriais que axude a desenvolver os diferentes obxectivos de desenvolvemento da zona de actuación.

Orde	Obxectivos xerais	Liña estratéxica da U.E. 2023-2027	Xustificación no marco da estratexia
0	Medidas de gobernanza a través da cooperación pública-pública e pública-privado	Emprego Innovación Cambio climático Loita contra a pobreza Educación Eficiencia enerxética	Transversal a todos o obxectivos da estratexia

H.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia

Orde	Obxectivos específicos	Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula	Xustificación no marco da estratexia (*)
1º	1.1.Diversificación, mellora da competitividade e innovación nas pemes.	DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA, MELLORA DA COMPETITIVIDADE EMPRESARIAL E INNOVACIÓN	D. 3, 4, 5 A. 3, 12 F. 1, 9, 11, 12, 14 O. 14



	1.2.Fomento do turismo sostible e de calidade. 1.3.Promoción do autoemprego.		D. 3, 6 A. 1, 2, 6, 12 F. 1, 2, 3, 12 O. 1, 3, 14 D. 3, 4, 5 A. 3, 12 F. 1,11, 12 O. 14
2º	2.1.Mellora da dixitalización nos procesos de produción, comercializ. e control de calidade. 2.2. Implantación da intelixencia artificial no entorno laboral. 2.3.Aplicab.ferramentas dixitais nas medidas relacionadas coa asistencia á colectivos dep. e maiores. 2.4.Mellora do acceso á administración electrónica. 2.5.Creación de startups.	PLAN DE DIXITALIZACIÓN	D. 8 A. 3, 8 F. 11 O. 9, 14, 15 D. 8 A. 3, 8 F. 11 O. 9, 14, 15 D. 8 A. 3, 8 F. non detectadas O. 9, 14, D. 8 A. 3, 8 F. non detectadas O. 9, 14, D. 8 A. 3, 8 F. 11 O. 9, 14, 15
3º	3.1. Desenv. programas de valorización e comercialización dos produtos agroaliment. do territorio. 3.2.Fomento de actividades agrarias compl. e transf. 3.3.Redución da pegada de carbono e da contaminación por	APLICACIÓN DA ESTRATEXIA EUROPEA "DA GRANXA Á MESA"	D. 7, 9, 18, 20 A. 10 F. 5, 6, 10, 15 O. 10, 12, 13, 17, 18 D. 7, 9, 18, 20 A. 10 F. 5, 6, 10, 15 O. 10, 12, 13, 17, 18 D. 7, 9, 18, 20 A. non detectadas F. 10, 15 O. 10, 12, 13,



	uso inadecuado de químicos. 3.4.Relación entre a venda agroalimentaria e o agroturismo (incluído enoturismo). 3.5.Recuperación de terras en abandono para a creación ou ampliación da actividade agraria		D. 7, 9, 18, 20 A. 10 F. 5, 6, 10, 15 O. 10, 12, 13, 17 D. 7, 9, 18, 20 A. 10 F. 6, 10, 15 O. 10, 12, 18
4º	4.1. Creación de empresas de implantación de enerxías renovables. 4.2. Mellora da capacidade enerxética explotacións agrarias. 4.3. Xeración de actividade económica vinculada á produción e xestión de biomasa. 4.4. Fomento enerxías limpas en procesos industrias e redución do gasto enerxético.	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E EMPREGO DE ENERXÍAS LIMPAS	D. Non detectadas A. Non detectadas F. Non detectadas O. 14 D. Non detectadas A. 10, 11 F. Non detectadas O. 14 D. Non detectadas A. 10, 11 F. Non detectadas O. 14 D. Non detectadas A. 11 F. Non detectadas O. 14
5º	5.1.Redución da brecha salarial 5.2.Mellora da empregabilidade de colectivos desf. 5.3. Fomento da inclusión social (proxectos inclusivos).	MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL	D. 10, 13, 14, 15, 16 A. 7 F. Non detectadas O. 16 D. 10, 13, 14, 15, 16 A. 7 F. Non detectadas O. 5, 16 D. 10, 13, 14, 15, 16 A. 7 F. Non detectadas O. 5, 16



	5.4. Emprego de transporte sen combustible fósil (eléctrico). 5.5. Loita contra a violencia de xénero e fomento empoderamento e emprendemento femin.		D. 10, 13, A. Non detectadas F. Non detectadas O. 16 D. 10, 15, 16 A. Non detectadas F. Non detectadas O. 16
6º	6.1. Creación ou mellora de espazos asistenciais (centros de día, casas niño, do maior, etc...). 6.2. Mellora dos servizos de transporte adaptado. 6.3. Potenciación de servizos básicos en domicilio a depend. 6.4. Proxectos de conciliación (maiores, nenos e dependentes).	SERVIZOS BÁSICOS ASISTENCIAIS	D. 10,13 A. 7 F. 13 O. 5 D. 10 A. 7 F. Non detectadas O. 5 D. 10,13 A. Non detectadas F. 13 O. 5 D. 10,13 A. 7 F. 13 O. 5
7º	7.1. Preservación de valores idiosincráticos do territorio. 7.2. Desenvolvemento de actividades de turismo natural. 7.3. Posta en valor e conservación do patrimonio natural e cultural.	CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO RURAL (NATURAL E ETNOGRÁFICO)	D. 9 A. 2, 6 F. 3, 4, 7 O. 3, D. 9 A. 1,2,5,6 F. 3, 4, 7 O. 3, 4 D. 9 A. 2, 6 F. 3, 4, 7 O. 3, 4, 6, 7



H.3. INDICADORES PARA O SEGUIMENTO DO NIVEL DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos

Obxectivos xerais			
Nº	Obxectivo	Indicador	Unidade de medida
OX1	Diversificación da economía, mellora da competitividade empresarial e innovación	I.1. Nº de empresas creadas I.2. Nº de empresas ampliadas e/ou modernizadas I.3. Nº de sectores con axuda	Valor numérico absoluto/ valor obxectivo a alcanzar I.1: 20 I.2: 20 I.3: 4
OX2	Plan de dixitalización	I.1. Nº de empresas con ferramentas dixitais incorporadas I.2. Nº de empresas con canles de comercialización dixital I.3. Nº de empresas con implementación de actuación de AI (intelixencia artificial) I.4. Nº de proxectos con implantación de software I.5. Nº de startups creadas no período,	Valor numérico absoluto/ valor obxectivo a alcanzar I.1: 7 I.2: 6 I.3: 3 I.4: 5 I.5: 3
OX3	Aplicación da estratexia europea "da granxa á mesa"	I.1. Nº de novos produtores e/ou transformadores de produtos agroalimentarios I.2. Nº de espazos públicos que se habilitan para venta en proximidade I.3. Nº de produtos integrados nos mercados de proximidade I.4. Nº de proxectos de cooperación entre	Valor numérico absoluto/ valor obxectivo a alcanzar I.1: 10 I.2: 2 I.3: 3 I.4: 2



		entidades públicas e privadas na posta en valor e comercialización de produtos agroalimentario I.5. Porcentaxe de mellora da renda agraria	Porcentaxe/ valor obxectivo a alcanzar: I.5:10%
OX4	Mellora da eficiencia enerxética e emprego de enerxías limpas	I.1. N° de empresas creadas de enerxías renovables e xestión de residuos I.2. N° de empresas acollidas a plans de eficiencia I.3. Axudas en compoñentes relacionados coa aplicación de renovables I.4. Investimento inducido relacionado coa aplicación de renovables I.5. N° de proxectos que inclúan como fonte enerxética ás renovables.	Valor numérico absoluto/ valor obxectivo a alcanzar I.1: 3 I.2: 4 I.5: 3 Miles de €: I.3: 50.000 I.4: 125.000
OX5	Medidas de responsabilidade social	I.1. N° de empresas que implementan Plans de Igualdade I.2. N° de empresas que obteñen selos de calidade (ISOS, AMBIENTAL, etc..) I.3. N° de persoas con discapacidade incorporados ao mercado de traballo. I.4. Porcentaxe de redución da brecha salarial.	Valor numérico absoluto/ valor obxectivo a alcanzar: I.1: 3 I.2: 5 I.3: 4 Porcentaxe: I.4: 15%



OX6	Servicios básicos asistenciais	I.1. Nº de empresas creadas de servizos asistenciais. I.2. Axuda para a instalación de empresas de servizos asistenciais I.3. Investimento inducido para a instalacións de empresas de servizos asistenciais I.4. Nº de persoas atendidas I.5. Nº de empregos creados no sector.	Valor numérico absoluto/ valor obxectivo a alcanzar: I.1: 10 I.4: 115.000 I.5: 30 Miles de €: I.2: 400.000 I.3:1.000.000
OX7	Conservación do patrimonio rural (natural e etnográfico)	I.1. Nº de elemento patrimoniais recuperados e/ou postos en valor (tanto no eido natural como histórico) I.2. Nº de visitantes aos elementos de actuacións.	Valor numérico absoluto/ valor obxectivo a alcanzar: I.1: 30 I.2: 200.000

Obxectivos específicos

OE1	1.1.Diversificación, mellora da competitividade e innovación nas pemes. Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada Unidade de medida: En miles de € Indicador: Investimento inducido Unidade de medida: En miles de € Indicador: Empregos creados Unidade de medida: en UTAs Indicador: Empregos consolidados Unidade de medida: en UTAs
	1.2.Fomento do turismo sostible e de calidade. Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada



- **Unidade de medida:** En miles de €
- Indicador:** Investimento inducido
- **Unidade de medida:** En miles de €
- Indicador:** Empregos creados
- **Unidade de medida:** en UTAs
- Indicador:** Empregos consolidados
- **Unidade de medida:** en UTAs
- Indicador:** Nº de prazas creadas
- **Unidades de medida:** valor numérico absoluto

1.3.Promoción do autoemprego

- Indicador:** Nº de actividades/operacións subvencionadas
- **Unidade de medida:** valor numérico absoluto
- Indicador:** Axuda total destinada
- **Unidade de medida:** En miles de €
- Indicador:** Investimento inducido
- **Unidade de medida:** En miles de €
- Indicador:** Empregos creados
- **Unidade de medida:** en UTAs
- Indicador:** Empregos consolidados
- **Unidade de medida:** en UTAs

OE2 2.1.Mellora da dixitalización nos procesos de produción, comercialización e control de calidade.

- Indicador:** Nº de actividades/operacións subvencionadas
- **Unidade de medida:** valor numérico absoluto
- Indicador:** Axuda total destinada
- **Unidade de medida:** En miles de €
- Indicador:** Investimento inducido
- **Unidade de medida:** En miles de €
- Indicador:** Empregos creados
- **Unidade de medida:** en UTAs
- Indicador:** Empregos consolidados
- **Unidade de medida:** en UTAs



2.2. Implantación da intelixencia artificial no entorno laboral.

Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas

- **Unidade de medida:** valor numérico absoluto

Indicador: Axuda total destinada

- **Unidade de medida:** En miles de €

Indicador: Investimento inducido

- **Unidade de medida:** En miles de €

Indicador: Empregos creados

- **Unidade de medida:** en UTAs

Indicador: Empregos consolidados

- **Unidade de medida:** en UTAs

2.3. Aplicabilidade das ferramentas dixitais nas medidas relacionadas coa asistencia a colectivos dependentes e maiores.

Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas

- **Unidade de medida:** valor numérico absoluto

Indicador: Axuda total destinada

- **Unidade de medida:** En miles de €

Indicador: Investimento inducido

- **Unidade de medida:** En miles de €

Indicador: Empregos creados

- **Unidade de medida:** en UTAs

Indicador: Empregos consolidados

- **Unidade de medida:** en UTAs

Indicador: Nº de persoas dependentes ou maiores beneficiarias

- **Unidade de medida:** valor numérico absoluto

2.4. Mellora do acceso á administración electrónica.

Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas

Medidas ou liñas de actuación	M4.1 Facilitar o proceso de consolidación da identidade comarcal entre os seus habitantes e promocionar fora do territorio un espazo de calidade ambiental M4.2 Contribuír ao fornecemento do tecido asociativo a través de formación e inclusión de ferramentas de xestión e de traballo en rede como vía para mitigar o cambio climático M4.3 Fomentar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade M4.4 Fomentar a integración socio laboral da mocidade a través da educación, da inserción profesional e ocio M4.5 Impulsar a integración social dos colectivos en risco de exclusión mediante a mellora das condicións de vida e o fomento da súa participación na sociedade mediante procesos innovadores.

I.3. PROXECTOS E ACCIÓNS ESPECÍFICAS CON IMPACTO SIGNIFICATIVO

Na táboa que figura a continuación indícanse os proxectos e outras accións específicas que o GDR vai desenvolver ou impulsar, que considera máis relevantes, con impacto significativo nos obxectivos (apartado H) e liñas estratéxicas (epígrafe I.2).

Recóllense aquí os proxectos a financiar e tamén as actividades a desenvolver directamente polo GDR con impacto significativo.



Especificanse os tipos de proxectos que o GDR considera prioritarios ou de maior interese para atender as liñas estratéxicas e obxectivos establecidos.

Esta reflexión pretende axudar a definir a estratexia de acción futura do grupo, identificando tamén os novos servizos, produtos e as intervencións necesarios para o desenvolvemento local do territorio.

Táboa 5. Proxectos e accións específicas con impacto significativo

P1. UTILIZACIÓN DE CUNCHA DE MEXILLÓN EN COMBINACIÓN CON XURRO PARA A FERTILIZACIÓN DE PRADOS	
Obxectivo xeral/ específico ao que responde	OX3 Aplicación da estratexia europea "da granxa a mesa" OE 3.1 Desenvolvemento de programas de valorización e comercialización dos produtos agroalimentarios do territorio. OE 3.2 Fomento de actividades agrarias complementarias e de transformación OE 3.3 Redución da pegada de carbono e da contaminación por uso inadecuado de químicos OE 3.5 Recuperación de terras en abandono para a creación ou ampliación da actividade agraria
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1 Diversificación das actividades produtivas cara un novo modelo máis sostible
Tipo de proxecto ou acción	- Proxecto a financiar - Actividade de cooperación
Produtivo/ Non produtivo	Produtivo, ou iniciativa de cooperación non produtiva como fórmula de promoción de emprendemento.
Descrición	No territorio xérase unha gran cantidade de residuos en forma de cuncha procedentes da industria do mexillón e outros bivalvos. Tradicionalmente, estas cunchas véñense utilizando como fertilizante nas parcelas próximas ao mar, xunto con algas e restos de mariscos. A cuncha de mexillón está composta principalmente por carbonato cálcico (95-99%), ideal para corrixir a acidez que presentan moitos solos galegas. Completan a súa composición un 1-5% de materia orgánica e unha pequena cantidade doutros nutrientes (nitróxeno, fósforo, xofre, magnesio e potasio). O centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo levou a cabo un estudo sobre a capacidade de produción de forraxe dunha parcela fertilizada durante dous anos con xurro de vacún mesturado con cuncha de mexillón.



	Perécenos interesante vistos os resultados do estudo e levalo á práctica e facer dunha investigación unha realidade.
--	--

P2. TRANSFORMACIÓN DIXITAL NO SECTOR AGROALIMENTARIO MEDIANTE O USO DE DRONS

Obxectivo xeral/ específico ao que responde	OX1 Diversificación da economía, mellora da competitividade empresarial e innovación OX2 plan de dixitalización OX3 aplicación da estratexia europea "da granxa a mesa" OX4 mellora da eficiencia enerxética e emprego de enerxías limpas OE1.1 Diversificación, mellora da competitividade e innovación nas pemes. OE2.1 Mellora da dixitalización nos procesos de produción, comercialización e control de calidade. OE3.5 Recuperación de terras en abandono para a creación ou ampliación da actividade agraria OE4.2 Mellora da capacidade enerxética das explotacións agrarias. OE4.4 Fomento das enerxías limpas en procesos industrias e redución do gasto enerxético.
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1 Diversificación das actividades produtivas cara un novo modelo máis sostible
Tipo de proxecto ou acción	Proxecto a financiar de terceiros
Produtivo/ Non produtivo	Produtivo
Descrición	Ante a evidencia do cambio climático, o sector agrario necesita buscar novas fórmulas para aforrar auga e enerxía que permitan manter a produción e reducir os custos. TECNOLOXÍA PARA A AGRICULTURA DE PRECISIÓN Coñecer as necesidades de auga da planta permite programar o rego: elixe o momento, a cantidade e a frecuencia para conseguir unha produción óptima co mínimo uso posible de auga. A intención é apostar polo deseño dun modelo de medición termográfica mediante unha cámara con sensores que ofrezca en tempo real o estado hídrico dos cultivos. O máis importante é que se mellore a eficiencia do rego, xa que permite saber a que planta lle debe dar máis ou menos auga, o que permite controlar a calidade final”.



	Outra variante deste iniciativa podería ser o emprego de drones para subministrar o sulfato de cobre nos viñedos de forma correcta, maximizando as doses precisas deste fungicida, evitando a contaminación dos solos.
--	--

P3. DIXITALIZACIÓN AGRARIA

Obxectivo xeral/ específico ao que responde	OX1 Diversificación da economía, mellora da competitividade empresarial e innovación OX2 plan de dixitalización OX3 aplicación da estratexia europea "da granxa a mesa" OX4 mellora da eficiencia enerxética e emprego de enerxías limpas OE1.1 Diversificación, mellora da competitividade e innovación nas pemes. OE2.1 Mellora da dixitalización nos procesos de produción, comercialización e control de calidade. OE2.2 Implantación da intelixencia artificial no entorno laboral. OE2.5 Creación de startups. OE3.1 Desenvolvemento de programas de valorización e comercialización dos produtos agroalimentarios do territorio. OE3.2 Fomento de actividades agrarias complementarias e de transformación. OE3.5 Recuperación de terras en abandono para a creación ou ampliación da actividade agraria OE4.2 Mellora da capacidade enerxética das explotacións agrarias. OE4.4 Fomento das enerxías limpas en procesos industriais e redución do gasto enerxético.
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1 Diversificación das actividades produtivas cara un novo modelo máis sostible
Tipo de proxecto ou acción	- Proxecto a financiar - Actuación de animación propia - Actividade formativa - Actividade de cooperación
Produtivo/ Non produtivo	Produtivo
Descrición	A dixitalización e a promoción dos territorios rurais intelixentes son claves para o futuro da economía, da sociedade e do medio ambiente". De aí a importancia de promover a dixitalización do Sector Agroalimentario e Forestal e do Medio Rural, cuxo obxectivo é explorar solucións prácticas e innovadoras que respondan a problemas ou oportunidades vinculadas



	á dixitalización dos sectores mencionados. Entre algunhas das actuacións, propónse a formación precisa e o deseño dun manual ou caixa de ferramentas dixitais para o usuario final (agricultor, empresa agroalimentaria ou forestal, entre outros). Estas boas prácticas buscan facilitar a transformación dixital nestes sectores.
--	--

P4. PROXECTO DE DIFUSIÓN MÚLTIPLE DE INICIATIVAS DEMOSTRATIVAS LEADER A TRAVÉS DO AUDIVISUAL	
Obxectivo xeral/ específico ao que responde	Todos os proxectos financiados ao abeiro do Leader poden ser obxecto desta actuación, polo cal a mesma poderá responder a calquera dos obxectivos xerais ou específicos delimitados.
Liña estratéxica na que se enmarca	Enmarcaríase para calquera das 4 liñas estratéxicas, L1,L2,L3 e L4.
Tipo de proxecto ou acción	- Actuación de animación propia - Actividade formativa - Actividade de cooperación
Produtivo/ Non produtivo	Non produtivo
Descrición	A través de cortos de vídeos promocionais porase en valor a necesidade das axudas para poñer en marcha proxectos no territorio que inciden directamente no desenvolvemento da comarca. Ditos vídeos serán empregados nas diversas RRSS do GDR e así mesmo poderán ser empregados como insercións publicitarias nas diferentes canles de comunicación audiovisual. O target dos mesmo será en todo caso outros potenciais emprendedores do territorio que se poden ver reflexados no contido, e mesmo posibles clientes do sector ou do proxecto presentado.

I.4. ACTUACIÓNS PROPIAS DE ANIMACIÓN A REALIZAR POLO GRUPO

Para manter informada á poboación local sobre as axudas que ofrece, a estratexia e sobre os resultados que se van obtendo a medida que esta se executa, e en particular para difundir os proxectos aprobados prevense unha serie de accións que permitan a través de diversas canles facer chegar xa non so a existencia do Leader e do GDR Salnés-Ulla-Umia que o xestiona, senón tamén a existencia de proxectos que valoricen



o territorio, apostas tanto produtivas como non produtivas con impacto real e positivo sobre o territorio, ou mesmo a difusión da propia zona como localización apta para establecer un proxecto vital no rural galego.

Para elo planifícanse varias fórmulas de aplicación publicitaria e que se relacionan na seguinte listaxe:

- Publicación de noticias e información, tanto das axudas que ofrece a estratexia, como dos proxectos subvencionados, na nosa web e nas redes sociais: Para elo pretende continuarse na elaboración de vídeos acerca de proxectos subvencionados onde non só se realiza difusión do impacto do GDR e o seu impacto territorial senón que se achega igualmente unha ferramenta de difusión comercial ao promotor.
- Difusión nos medios de comunicación: seguiremos apostando por secuencias de emisión de spots publicitarios sobre a existencia de momentos clave no GDR como a convocatoria de axudas, reforzando a súa posición como elemento dinamizador principalmente na Televisión local de ámbito comarcal e na Televisión autonómica.
- Notas de prensa e roldas de prensa cando se consideren que se pode achegar información nova e relevante.
- Espazos publicitarios para difundir eventos, cursos de formación realizados coa Estratexia sempre que o permitan os orzamentos.
- Difusión por e-mail de todas as actividades e eventos organizados subvencionados coa Estratexia a todos os membros da Asemblea, e aos beneficiarios das axudas, e ás persoas e organizacións que formaron parte do proceso de participación, así como a todas as persoas que o soliciten.
- Emprego das canles colaborativas asociadas a xestión e funcionamento do GDR (Xunta Directiva e Asemblea como liña transmisora das mensaxes e valores do Grupo).

Pero si ben é importante a animación cara a persoas externas a asociación, e igual de necesaria a animación que denominaremos “interna” orientada tanto cara os promotores e usuarios do GDR, como tamén de aqueles sectores de opinión que convivan dentro dos órganos de xestión do propio grupo.

Para elo prevese a realización distintas actuacións para difundir os requisitos dos proxectos e beneficiarios, as operacións ou liñas de actuación existentes, e as posibles axudas:



- Rolda de prensa aos medios de comunicación locais.
- Publicación de información útil para solicitar as axudas da Estratexia na páxina web do GDR, **www.gdrsalmesullaumia.com**.
- Carta informativa dixital, ou incluso visita persoal por parte do persoal técnico do GDR aos concellos anunciando o inicio da execución da estratexia programa, e ofrecendo unha charla informativa aos municipios interesados.
- Charlas nos municipios e asociacións interesados.
- Información a outros técnicos de desenvolvemento de distintas entidades da comarca (principalmente ADL), ben a través dunha reunión, ou mediante entrevistas personalizadas.
- Deseño de follas informativas para todas as persoas, empresas e entidades interesadas en emprender unha iniciativa auxiliábel coa Estratexia. Recollerán a seguinte información: requisitos dos beneficiarios, trámites, documentación a entregar para solicitar a axuda, tipos de proxectos auxiliares, e criterios de subvención. Entregarase aos interesados que se informen na oficina do GDR, e enviarase por correo electrónico ás persoas que así o soliciten. Estas follas informativas estarán dispoñible tamén na páxina web e facilitarán os datos de contacto da oficina do **GDR Comarca Salmés-Ulla-Umia** na seguinte dirección: **Rúa Cruceiro,43 36990 Vilalonga - Sanxenxo**, horario de atención de 9 a 14h, Teléfonos: **986744909, 650255914**, E-mail: **info@gdrsalmesullaumia.com**
- O GDR responderá as cuestións que reciba de posibles promotores, ben na súa oficina, por teléfono, fax, e-mail ou correo postal.
- Para iniciar un expediente, ademais de entregar toda a documentación pertinente, será necesaria polo menos unha entrevista persoal cun técnico do GDR antes de tramitar o expediente.

Ademais, durante o proceso de execución da estratexia, a información sobre as axudas difundirase abertamente mediante algunhas das accións de publicidade descritas no punto anterior deste documento.

Tal e como se reflexa no parágrafo anterior o GDR xestionará a animación dende dúas perspectivas, a difusión da súa labor e a valorización territorial orientada ao axente externo entendendo o mesmo como aquelas persoas ou entidades que non teñan vinculación orgánica co GDR (potenciais promotores, visitantes territoriais, etc.), e unha segunda perspectiva de dirección das actuacións que son aquelas que tratan de difundir e informar do traballo do GDR as aquelas persoas ou entidades con capacidade de decisión no mesmo ou cando menos participantes das súas actividades.



Por todo elo relacionamos dous cadros de actuacións a realizar nestes dou marcos de traballo.

Táboa 6. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo

ACTUACIÓNS DE ANIMACIÓN EXTERNAS:

	Actuación	Contido das actividades previstas (destinatarios, recursos utilizados, formatos e canles, ...)
AE1	PROMOCIÓN DE PROXECTOS E/OU ACTIVIDADES	A través de cortos de vídeos promocionais porase en valor a necesidade das axudas para poñer en marcha proxectos no territorio que inciden directamente no desenvolvemento da comarca. Ditos vídeos serán empregados nas diversas RRSS do GDR e así mesmo poderán ser empregados como insercións publicitarias nas diferentes canles de comunicación audiovisual. O target dos mesmo será en todo caso outros potenciais emprendedores do territorio que se poden ver reflexados no contido, e mesmo posibles clientes do sector ou do proxecto presentado. Destinatarios: Poboación xeral
AE2	XESTIÓN DE MEDIOS DE COMUNICACIÓN NA DIFUSIÓN DA ACTUACIÓN DO GDR	É importante para o GDR ter unha boa comunicación programática da seu labor que con carácter periódico sexa promocionada a través da difusión da súa actualidade informativa. Para elo emitiranse comunicados e/ou notas de prensa onde se valorice a xestión diaria do GDR, a convocatoria de roldas de prensa para aqueles aspectos cuxo interese sexa maior, ou mesmo facer programas de



		difusión específicos para medios de comunicación con entrevistas, reportaxes, etc... que permitan a correcta comunicación da actividade do grupo. Destinatarios: Poboación xeral
AE3	INSERCIÓNS PUBLICITARIAS EN TELEVISIÓN (TVG E TELESALNÉS)	Crearase unha serie de spot e/ou microreportaxes nos momentos de maior incidencia e necesidade da labor do GDR no territorio(convocatoria de axudas). Ditos spots serán emitidos naqueles medios testados como de maior audiencia entre os axentes aos cales se pretende facer a información, preferentemente a poboación local rural, polo cal se centraran na canle local TeleSalnés, e na TVG. Destinatarios: Poboación xeral
AE4	XESTIÓN DAS RRSS (FACEBOOK, INSTAGRAM, TWITTER)	A presenza actualizada dos GDR nas RRSS debe de ser unha constante na difusión da actividade do GDR, xerando información de actualidade (xornadas, cursos, publicación de convocatoria, etc..), de contexto (proxectos apoiados, participación en outras actividades como colaborador como a “loita contra a violencia de xénero”, etc..) e mesmo no relativo a información e comunicación da actividade orgánica da asociación. A día de hoxe e tendo en conta o target ao cal nos queremos dirixir, facebook, twitter e instagram entendemos que son as dúas canles de uso preferente). Destinatarios: Poboación xeral



AE5	MAILINGS E COMUNICACIÓNS DIXITAIS	O GDR plantexará con carácter periódico unha serie de mailings que reporten información de actualidade e mesmo de contesto, e que será enviada a entidades que poidan redifundir a mensaxe como Asociacións de empresarios, culturais, entidades publicas como concellos e/ou mancomunidades, etc... así mesmo farase unha base de datos de persoas que soliciten ter esta información e que sexan así mesmo receptores desta información. Destinatarios: Poboación xeral
AE6	ELABORACIÓN DE MANUAL DE IMAXE CORPORATIVA	Novo período, nova imaxe para o GDR, de aí que se plantexará un restyling da marca corporativa da entidade, con novo logo e novas presentacións que manteñan a imaxe do grupo actualizada, nun mundo tecnolóxicamente cambiante a pasos axigantados. Destinatarios: Poboación xeral
AE7	INDICADORES GRÁFICOS	Levarase a cabo a elaboración de novos indicadores gráficos para a sede do GDR (Placa informativa e Rótulo), así como sinalizadores externos de localización da mesma. Destinatarios: Poboación xeral
AE8	MERCHANDISING E PAPELERIA	Neste novo período actualizaremos a imaxe do GDR con novo merchandising promocional da Asociación así como a papelería a empregar na xestión diaria da oficina. Destinatarios: Poboación xeral



AE9	CONCURSOS DE IDEAS “NOVOS PROXECTOS”	Posta en marcha e organización de concursos abertos a veciñanza en xeral sobre proxectos innovadores que inspiren novas ideas de negocio no territorio e a súa vez sexan respectuosos co medio ambiente en busca de cumprir os obxectivo xerais de mellora da eficiencia enerxética e emprego de enerxías limpas e Conservación do patrimonio rural . Destinatarios: Poboación xeral
------------	---	---

ACTUACIÓNS DE ANIMACIÓN INTERNAS:

	Actuación	Contido das actividades previstas (destinatarios, recursos utilizados, formatos e canles, ...)
AI10	CELEBRACIÓN DE ASEMBLEA XERAL	Celebración dunha asemblea xeral para consensuar as normas de xestión e o baremo a aplicar no novo período LEADER 2023-2027, o que será remitido a Agader. Destinatarios: Socios do GDR
AI11	COMUNICACIÓN OFICIAIS E INFORMATIVAS AOS ÓRGANOS DE DECISIÓN DO GDR	Refírese esta actuación a xestión de comunicacións informativas aos órganos de representación do GDR como son as convocatorias de xuntas directivas, asembleas, mesas sectoriais, reunións, etc..
AI12	EMPREGO DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN PARA INFORMACIÓN DAS ACTUACIÓN E ACTIVIDADES “INTERNAS” DO GDR	Os medios de comunicación, destacando aqueles de índole escrita son as mellores canles informativas acerca da celebración de reunións oficiais como Xuntas directivas, ou de carácter informativa ou participativo, así como os resultados obtidos nas mesmas (Datos, decisións, etc...)



		Destinatarios: Socios do GDR
AI13	XESTIÓN DAS RRSS COMO CANLE COMUNICATIVA	Empregaranse as RRSS para informar igualmente de reunións, convocatorias, xornadas ou calquera outra actuación do GDR. Destinatarios: Socios do GDR e outros axentes relevantes do territorio.
AI14	CHARLAS, FORMACIÓN E INFORMACIÓN DA ACTIVIDADE DO GDR CARA A POTENCIAIS COLABORADES NA DIFUSIÓN DA MESMA.	O persoal técnico do GDR desenvolverá unha actuación global de información das axudas Leader e do desenvolvemento da súa estratexia, para elo achegarse a posible colaboradores na redifusión da información tales como ADL, concellos, entidades asociativas, etc.. Destinatarios: Socios do GDR e outros axentes relevantes do territorio.
AI15	VISITAS A PROXECTOS DE ÉXITO	Dende o GDR organizaranse visitas guiadas para asociados e promotores a proxectos de éxito de outros territorios, coa intención de descubrir experiencias e negocios que resultaron exitosos e que ben se poderían implantar no territorio de actuación. Destinatarios: Socios do GDR e outros axentes relevantes do territorio.
AI16	MEMORIAS ANUAIS SOBRE GRADO DE EXECUCIÓN	Anualmente elaborárase unha memoria informe sobre o grao de execución dos proxectos subvencionados coas axudas Leader co obxecto de ter informados a socios e directivos da asociación. Unha maneira de que entre todos coñezan a labor que dende o GDR se desempeña durante as diferentes anualidades.



I.5. PLAN DE FORMACIÓN DO GDR

I.5.1 Diagnose do mercado laboral do territorio e relación coa estratexia do GDR

A evolución no referente ao mercado laboral no territorio é unha cuestión clave a hora de definir a estratexia formativa do GDR. Compre polo tanto facer unha análise da mesma e avaliar as necesidades dos diferentes sectores con capacidade de xerar emprego para orientar as decisións que poidan reverter no beneficio dos obxectivos da estratexia e o tempo na mellora das condicións de empregabilidade da poboación.

En 1991 a ocupación no primario, representaba un 32,4%, fronte ao 18,8% en 2001, o que supón unha perda de máis da metade dos seus efectivos. Esta importantísima perda de peso do sector, caracterizouse, na agricultura, polo abandono das explotacións agrarias e gandeiras, tendendo cara á especialización produtiva e o aumento de tamaño destas, aínda que cunha clara diferenciación costa/interior, a unha con especialización vinícola e a outra gandeira. Na pesca sucedeu algo parecido, coa redución do número de embarcacións e a súa modernización.

Os datos que relacionan a poboación economicamente activa e a poboación total, ou o que é o mesmo, a taxa de actividade, móstranos un incremento no período estudado, dun 3,45% no total de activos da zona, lixeiramente inferior ao da provincia (3,78%), pero moito maior que o de Galicia (1,2%), o que evidencia o dinamismo da actividade da área de estudo.

Taxa de Actividade

TAXA DE ACTIVIDADE						
	2005			2021		
Municipios	Mulleres	Homes	TOTAIS	Mulleres	Homes	TOTAIS
Caldas de Reis	24,30	67,64	44,72	33,70	66,93	49,55
Catoira	25,86	68,36	46,71	40,04	65,56	52,45
Cuntis	26,97	65,25	44,38	37,32	64,63	49,70
Moraña	24,01	69,89	45,50	36,52	65,33	50,05
Pontecesures	27,31	68,88	47,29	42,55	71,18	56,61
Portas	33,38	57,72	48,88	33,04	63,48	47,03
Valgas	19,89	69,48	43,65	33,24	65,74	48,90
Cambados	48,00	75,10	61,16	51,81	71,03	61,05
O Grove	48,86	71,72	60,13	55,71	69,99	62,72
Illa de Arousa	38,35	69,23	53,79	49,98	72,76	61,17
Meaño	40,57	68,47	53,78	45,33	65,81	55,08
Meis	34,73	70,39	51,49	32,10	64,26	46,94
Ribadumia	46,21	74,46	59,64	43,79	69,22	55,28



Sanxenxo	24,23	67,77	45,44	45,57	67,08	56,02
Vilanova de Arousa	29,66	71,93	50,19	45,95	65,94	55,51
O Salnés	37,09	71,33	53,67	47,50	68,34	57,55

IGE. Taxa de actividade 2005-2021. Elaboración Propia

A nivel municipal atopamos unhas diferenzas moito maiores, que van desde o incremento interanual de máis dun 10%, en Sanxenxo, a un 1,3% en Meaño, máis dinámicos e terciarizados, ou a importante redución de Meis -4,5% ou Ribadumia -3,6%, máis ligados ao sector primario.

A análise por sexos móstranos que o peso da evolución positiva entre os activos da zona, vén da man da taxa feminina, que presenta evolucións positivas entre 1991 e 2001, de 8,9%, lixeiramente inferior á da provincia de Pontevedra (9,4%), pero dous puntos e medio superior á de Galicia (6,5%).

Este fenómeno prodúcese tamén na totalidade das comarcas con valores positivos en todas elas. Ao contrario que os datos do sexo feminino, a Taxa de Actividade Masculina é negativa (-2,54%), practicamente coa mesma cifra da provincia (-2,59%) e a metade dos valores da autonomía (-4,6%). En canto á ocupación por sectores produtivos, dicir que a evolución na provincia entre os anos estudados, mostra unha clara diferenza co sucedido na provincia e en Galicia, xa que, ao contrario destas, só redúcese o número de ocupados na agricultura mentres nos demais sectores increméntanse. Por comarcas é destacable o feito de que soamente en Caldas observamos casos de redución noutro sector que non sexa a agricultura, xa que presenta cifras de perda na pesca (-0,75%) e o sector secundario (-2,35%). O parámetro que determina a relación entre os empregados e a poboación en idade laboral (maiores de 16 anos) é a taxa de ocupación e móstranos que os índices van parellos á da provincia e a comunidade galega. Durante o primeiro ano estudado, o valor xeral da taxa, era de 41,5%, lixeiramente superior ao da provincia e ao de Galicia (40,2% e 41,1%, respectivamente). No ano 2010, a taxa xeral de ocupación é de 46,9%, que segue sendo lixeiramente superior ás de Pontevedra e Galicia, representando unha mellora na taxa dun 5,4 %.

Por grupos de idade e concello, tendo agora como horizonte o 2021 cabe destacar o cambio producido na relación en canto ao paro rexistrado, así como en Vilagarcía de Arousa (3.096), menores de 25 anos en Vilagarcía de Arousa con 148 persoas, de igual maneira parados máis dun ano (34).

En Pontecesures atópase o valor máis baixo de parados (206) con 5 persoas paradas menores de 25 anos e 1 persoa parada máis dun ano.



CONCELLOS	PARADOS	Paro por idades	
		MENORES DE 25 ANOS	PARADOS MÁIS DE 1 ANO
Caldas de Reis	620	23	4
Cambados	923	52	8
Catoira	224	6	0
Cuntis	276	8	1
Grove, O	800	35	3
Illa de Arousa, A	244	20	1
Meaño	303	10	1
Meis	267	10	2
Moraña	263	10	4
Portas	174	10	2
Pontecesures	206	5	1
Ribadumia	283	16	2
Sanxenxo	971	42	6
Valga	324	12	0
Vilagarcía de Arousa	3096	148	34
Vilanova de Arousa	662	38	5

INE. Paro rexistrado 2021. Elaboración Propia

Por grupos de idade e sexo, tendo agora como horizonte os últimos anos da década do 2000, é reseñable o envorco producido na relación en canto ao paro rexistrado, así no ano 2005 o paro no número de homes de entre 16 e 25 anos supoñía na Zona, un 35,7%, fronte ao 56,9% en 2009 (incremento dun 21%) e nas mulleres un 64,3%, fronte 43,1% neses mesmos anos (redución dun 21%). De igual maneira, aínda que sen chegar a estes niveis ocorre coa poboación de máis de 25 anos, onde vemos como entre os homes increméntanse un 6,9% os parados, que é o que se reduce o paro nas mulleres, debido aos factores expostos anteriormente e á prevalencia do emprego feminino nos servizos, sobre todo nos relacionados co marisqueo e a súa industria, o turismo e a hostalería.

Paro por actividade

Concellos	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Caldas de Reis	829	29	73	121	606
Cambados	1.913	821	101	149	842
Catoira	197	21	29	24	123
Cuntis	366	45	101	53	243
Grove, O	1.347	452	49	100	746



Illa de Arousa, A	1.152	923	20	33	176
Meaño	646	186	68	96	296
Meis	468	103	31	87	247
Moraña	296	27	24	70	175
Portas	183	30	14	37	102
Pontecesures	224	18	10	28	168
Ribadumia	568	122	69	71	306
Sanxenxo	2.082	344	105	289	1.344
Valga	331	23	43	61	204
Vilagarcía de Arousa	3.331	633	149	305	2.244
Vilanova de Arousa	1.375	606	66	122	581

IGE – Demandas de emprego (IGE. Paro rexistrado segundo sector de actividade (datos mensuais ata abril de 2005 e medias anuais)

Son estes datos os que en certo modo orientan a necesidade de establecer un Plan de Formación Rural que vaia orientado en dúas canles principais, por un lado aquelas que fagan referencia a viabilidade das actividades agrarias ou con incidencia na transformación e a agroalimentación, e aquelas de corrente mais social ou de mellora de servizos a poboación.

I.5.2 Plan de Formación

A formación, entendida como instrumento básico para a promoción do desenvolvemento rural, debe responder a tres funcións básicas; adaptación, para aprender a defenderse ante a contorna exterior asimilando, para iso, as tecnoloxías adecuadas; innovación que permitirá asumir posicións de vangarda para adiantarse aos cambios e finalmente e non menos importante, a función de conservación, para manter entre a xente os coñecementos e o saber facer tradicional, como estratexia para consolidar o vasto patrimonio, a cultura e a identidade territorial do rural galego dunha forma adaptada e integrada aos novos tempos.

O **GDR Salnés-Ulla-Umia** poñerá en marcha accións formativas cuxos destinatarios sexan as persoas que desenvolvan as súas actividades ou presten servizos nos sectores agrícola, alimentario e silvícola, os xestores de terras e outros axentes económicos que constitúan PEME cuxo ámbito de actuación sexa o medio agroalimentario ou turístico fortalecendo aquel que mesture a dúas capacitación como é o enoturismo, así como todas aquelas persoas cuxo traballo se realice ou potencialmente poida realizarse no devandito ámbito.

En todo caso a modalidade de impartir as docencias será o presencial, entendendo a mesma como aquela que ten lugar nunha aula con presenza do docente que transmite



os mesmos coñecementos e no mesmo tempo a un grupo de alumnos e alumnas, independentemente do tipo de recursos didácticos que utilice. Permite tamén a realización de prácticas fose da aula.

En base a está análise do mercado de traballo, pódense definir nunha DAFO específica cal é a situación real do territorio neste ámbito, co gallo de poder programa un Plan de formación eficiente e eficaz:

DEBILIDADES	
5	NIVEL BAIXO DE MODERNIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL
7	BAIXA CUALIFICACIÓN NA MAN DE OBRA AGRARIA
8	MALA CONECTIVIDADE DE INTERNET NO TERRITORIO
12	ELEVADA FRAGMENTACIÓN DA PROPIEDAD DA TERRA E REDUCIDO TAMAÑO DAS PARCELAS, SENDO MENORES QUE NA MEDIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E DE GALICIA, QUE DIFICULTA A VIABILIDADE E RENDIBILIDADE DE ACTIVIDADES PRODUTIVAS
13	MAIOR ÍNDICE DE DEPENDENCIA NA ÁREA CON RESPECTO A GALICIA, QUE SUPÓN A NECESIDADE DE DOTACIÓN DE POLÍTICAS SOCIAIS E SERVIZOS RELACIONADOS (EDUCACIÓN, OCIO, CULTURA,...) E UNHA MAIOR DEDICACIÓN DE RECURSOS PARA FACILITAR O ACCESO AO PRIMEIRO TRABALLO NA XUVENTUDE
15	DESEQUILIBRIOS NO EMPREGO DAS MULLERES EN SECTORES INDUSTRIAIS, QUE DIFICULTA O DESENVOLVEMENTO EQUILIBRADO DO EMPREGO, TENDO EN CONTA A TENDENCIA A NÚCLEOS FAMILIARES Matriarcais (Coidado de nenos, persoas maiores, dependentes,...).
16	BAIXO GRAO DE EXISTENCIA DE CENTROS DE ENSINO POSTOBRIGATORIO, FUNDAMENTALMENTE EN ZONAS DO INTERIOR, DERIVADO DA LOCALIZACIÓN DA POBOACIÓN, QUE UNIDO Á FALTA DE OUTROS SERVIZOS LIMITA O GRAO DE ATRACTIVO DESTAS ZONAS PARA VIVIR E PRODUCIR.
17	EXCESIVO NÚMERO DE EMPRESAS DE REDUCIDO TAMAÑO E AUTÓNOMOS, QUE DIFICULTA A SÚA COMPETITIVIDADE NUN MERCADO GLOBAL
18	EXISTENCIA DE ECONOMÍAS SECUNDARIAS E COMPLEMENTARIAS (HORTA, VIÑEDO, ALUGUER DE SEGUNDAS RESIDENCIAS,...) QUE SUPÓN UNHA MENOR PROFESIONALIZACIÓN NALGUNHAS ACTIVIDADES, EROSIONANDO A IMAXE GLOBAL DA ÁREA E DIFICULTANDO O CRECEMENTO EMPRESARIAL
19	BAIXO GRAO DE DESENVOLVEMENTO DE PRODUCIÓN SILVÍCOLAS COMPLEMENTARIAS (MEL, CASTAÑAS, COGOMELOS, SILVOPASTOREO, ENERXÍAS RENOVABLES,...) QUE LIMITA O CRECEMENTO DO VALOR DA PRODUCCIÓN AGRARIA E FORESTAL NO TERRITORIO
AMENAZAS	
3	DESEQUILIBRIO ENTRE AREAS CONTEIRAS E INTERIORES PODE POTENCIAR UN TERRITORIO DE DUAS VELOCIDADES
5	O MONOCULTIVO TURÍSTICO. A ESPECIALIZACIÓN TURÍSTICA PODE FREAR INICIATIVAS DE APROVEITAMENTO AGRARIO DO TERRITORIO E POLO TANTO O ABANDONO DA TERRA, O QUE XERARÍA PROBLEMAS AMBIENTAIS (INCENDIOS)
7	BAIXA FORMACIÓN DUN IMPORTANTE NICHU NO SECTOR XUVENIL QUE NON ADVIRTE PROBLEMÁTICA ANTE A FACILIDADE AO ACCESO A UN EMPREGO DE BAIXA CUALIFICACIÓN FORMATIVA
8	AS DIFICULTADES DE CONECTIVIDADE DE INTERNET PODEN DESLOCALIZAR EMPRESAS ASENTADAS E DIFICULTAR A IMPLANTACIÓN DE NOVAS



FORTALEZAS

1	A MARCA "SALNÉS"
10	IMPORTANTE CAPACIDADE PRODUTIVA DO TERREO, DERIVADO DAS CARACTERÍSTICAS EDAFOLÓXICAS DO SOLO E DO CLIMA SUAVE, QUE FACILITA O DESENVOLVEMENTO DE PRODUCIÓNS AGRO-FORESTAIIS DE ELEVADO VALOR ENGADIDO (VIÑO E DERIVADOS, AGRICULTURA ECOLÓXICA O INTEGRADA, PRODUCIÓNS DE CARNE ECOLÓXICA,...), ESPECIALMENTE NAS ZONAS DO INTERIOR.
11	IMPORTANTE EXISTENCIA DE PARQUES EMPRESARIAIS EN DESENVOLVEMENTO NO TERRITORIO (BARRO-MEIS, CATOIRA, CALDAS DE REIS,...), OU CON POTENCIAL PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, QUE PODEN DOTARSE DE SERVIZOS AVANZADOS E BOAS COMUNICACIÓNS, COMO FACTORES DE ATRACCIÓN DE INVESTIMENTOS PRODUTIVOS E MELLORA DAS EMPRESAS ACTUAIS
12	PERSPECTIVAS FAVORABLES DERIVADAS DA PARADA DO TREN DE ALTA VELOCIDADE EN VILAGARCÍA, COMO FACTOR DE ATRACCIÓN DE TURISMO, COMERCIO, INVESTIMENTOS PRODUTIVOS E A ACCESIBILIDADE A MERCADOS EXTERIORES.
13	EXISTENCIA DE NICHOS DE EMPREGO FEMININOS RELEVANTES NALGUNHAS ACTIVIDADES DA COMARCA (DE FORMA DESTACADA NOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN E SERVIZOS PERSOAIS), QUE SUPÓN UN FACTOR POSITIVO PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
14	IMPORTANTE EXISTENCIA DE PARQUES EMPRESARIAIS EN DESENVOLVEMENTO NO TERRITORIO (BARRO-MEIS, CATOIRA, CALDAS DE REIS,...), OU CON POTENCIAL PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, QUE PODEN DOTARSE DE SERVIZOS AVANZADOS E BOAS COMUNICACIÓNS, COMO FACTORES DE ATRACCIÓN DE INVESTIMENTOS PRODUTIVOS E MELLORA DAS EMPRESAS ACTUAIS
15	IMPORTANTE PESO DO SECTOR VITIVINÍCOLA NA PRODUCCIÓN AGRARIA DA ZONA, CON IMPORTANTES CRECEMENTOS NO NÚMERO DE ADEGAS, VITICULTORES E SUPERFICIE ACOLLIDA Á DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS, INCORPORANDO TAMÉN ACTIVIDADES RELACIONADAS CO TURISMO (RUTA DO VIÑO, MUSEO DO VIÑO, FESTA DO ALBARIÑO, FESTA DO VIÑO TINTO DO SALNÉS,...).

OPORTUNIDADES

1	O FEITO DE SER UN DESTINO TURÍSTICO CONSOLIDADO OFRECE A POSIBILIDADE DE CREAR EMPRESAS INNOVADORAS NA OFERTA DE SERVIZOS A VISITANTES CON MÍNIMO RISCO DE FRACASO (EMPRESAS DE ACTIVIDADES, ETC...)
4	A CREACION DE EMPRESAS DE XESTION DE RESIDUOS QUE AFONDEN NA NECESIDADE DO TERRITORIO DE TER UN ENTORNO NATURAL CONSERVADO EN EXCELENCIA.
5	O EMPRENDEMENTO NO SECTOR DOS COIDADOS A TERCEIRA IDADE, OS NENOS E O RESTO DE COLECTIVOS DESFAVORECIDOS, ATA O DE AGORA MOI DEPENDENTES DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS
9	AS AXUDAS NEXTGENERATION COMO PALANCA DE ACCESO A MODERNIZACIÓN DAS EMPRESAS (DIXITALIZANDOAS) OU COMO FÓRMULA PARA FAVORECER O NACEMENTO DE NOVAS INICIATIVAS
10	CAMBIOS NO ESTILO DE VIDA QUE POTENCIALMENTE DEMANDA PRODUTOS DE ALTO VALOR ENGADIDO (PRODUTOS PRECOCIÑADOS SAUDABLES, BAIXO CONTIDO EN GRAXA, PRODUTOS FUNCIONAIS,...) OU NOVAS FORMAS DE COMERCIALIZACIÓN (RESTAURANTES DE COMIDA PARA LEVAR, VENDA POR INTERNET,...), CONSIDERANDO EN MAIOR MEDIDA ASPECTOS COMO A REDUCIÓN DOS TEMPOS DEDICADOS Á COMPRA E Á COCIÑA, ASÍ COMO A PREOCUPACIÓN POLA ESTÉTICA E SAÚDE.



11	IMPORTANCIA DO FACTOR SOCIOCULTURAL LIGADO AO MONTE EN GALICIA, POTENCIÁNDOSE A IMPORTANCIA DOUTROS USOS DO MONTE (PAISAXÍSTICO, ECOTURISMO, DEPORTES VINCULADOS Á NATUREZA).
12	TENDENCIA DA GRAN DISTRIBUCIÓN ALIMENTARIA A TER UNHA RELACIÓN DIRECTA COS PRODUTORES, QUE SUPÓN UNHA OPORTUNIDADE DE CHEGADA A ESTE TIPO DE CANLES
13	INCREMENTO DA FRAGMENTACIÓN DOS MERCADOS, QUE FAVORECE A ESPECIALIZACIÓN DAS EMPRESAS DE MENOR DIMENSIÓN EN NICHOS DE MERCADO CONCRETOS (PRODUTO ARTESÁN, GOURMET, ECOLÓXICO,...) NO QUE PODEN SER COMPETITIVOS.
14	IMPORTANTE ORIENTACIÓN DOS FONDOS E INICIATIVAS PÚBLICAS (EUROPEAS, ESTATAIS, REXIONAIS...) AO FINANCIAMENTO DA INNOVACIÓN BAIXO DIVERSAS FÓRMULAS DE APOIO, ESTANDO PRESENTE EN PRACTICAMENTE TODAS AS CONVOCATORIAS DE AXUDAS
15	IMPORTANTE DESENVOLVEMENTO DE NOVAS TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN CON POTENCIALIDADE PARA A SÚA APLICACIÓN NA MELLORA DOS PROCESOS DE NEGOCIO DAS EMPRESAS (SISTEMAS DE CONEXIÓN CON CLIENTES, XESTIÓN DE STOCKS EN TEMPO REAL, SIMULACIÓN DE PROCESOS E PRODUTOS...).

Nota: as numeracións corresponde ao DAFO inicial da páxina 9.

En base á temática tratada nas actividades formativas, estas dividiranse nas seguintes operacións:

Operación 1: Formación agraria e medio ambiental. Os temas poderán ser de agricultura, gandería, silvicultura, conservación do medio ambiente, sanidade vexetal, sanidade e benestar animal, seguridade no traballo etc.

Operación 2: Formación rural non agraria. Formación dirixida a aspectos transversais ou horizontais respecto da operación anterior como TICs, turismo rural etc.

Dentro da Operación 1 realizaranse accións formativas destinadas á difusión de información en agricultura, gandería, silvicultura, desenvolvemento sostible, conservación do medio ambiente, procesos industriais agroalimentarios, xestión e desenvolvemento de pequenas e medianas empresas de ámbito rural etc., ben en forma de exposicións, reunións, presentacións ou publicacións, tanto en forma impresa como dixital de folletos informativos ou manuais prácticos ou a través de plataformas dixitais.

E na Operación 2, como accións demostrativas, realizaranse sesións prácticas nas que se mostrarán novidades ou avances nos ámbitos tecnolóxicos e de proceso produtivo que supoñan unha mellora con respecto ás tecnoloxías ou procesos tecnolóxicos ou produtivos de uso actual, como é o caso de nova maquinaria, novos sistemas produtivos



na industria agroalimentaria, novas variedades de cultivo, sistemas eficientes de rega, novas tecnoloxías na industria agroalimentaria e forestal.:

Os obxectivos a acadar con esta formación serán:

- 1) Mellorar os resultados económicos das explotacións e a súa modernización. Facilitar a entrada no sector agrario de agricultores debidamente formados e a súa substitución xeracional.
- 2) Mellorar a competitividade dos produtores primarios na cadea agroalimentaria a través de sistemas de calidade, valor engadido aos produtos agrícolas, a promoción en mercados locais e circuítos de distribución curtos, as agrupacións de produtores e as organizacións interprofesionais.
- 3) Restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade, os sistemas agrarios de alto valor natural. Mellorar a xestión da auga. Previr a erosión dos chans e mellorar a súa xestión.
- 4) Maior eficacia no uso da auga na agricultura. Maior eficiencia no uso da enerxía na agricultura e na transformación de alimentos. Redución de gases de efecto invernadoiro e de emisións de amoníaco procedentes da agricultura.
- 5) Facilitar a diversificación, creación e desenvolvemento de pequenas empresas e de emprego. Fomento do desenvolvemento local en zonas rurais. Mellorar a accesibilidade ás tecnoloxías de información e comunicación (TIC), o seu uso e calidade en zonas rurais.
- 6) Promover o desenvolvemento persoal da poboación a través de programas de capacitación continua que permitan mellorar a súa capacidade cara o mercado laboral, e así mesmo a súa mellora na relación social entre veciños do territorio.
- 7) Mellora da capacitación profesional orientada a consecución de emprego de calidade.

Por tanto, a formación agraria e non agraria que se organizará e xestionará a través do GDR establecerá un programa de accións formativas a desenvolver entre os anos 2023 e 2027 que contribúan ao coñecemento, formal ou non formal, académico ou autodidacta, a experiencia, as habilidades, as capacidades e, sobre todo, o compromiso social e ético para o desenvolvemento rural constituíndo aspectos elementais para a xeración dunha base de coñecemento nas zonas rurais que



permita mellorar a competitividade e a innovación no sector agroalimentario e forestal do territorio.

Pretende por tanto fomentar a aprendizaxe permanente e a formación profesional no sector agrario e forestal, pois entende que a maior cualificación maior será a súa produtividade laboral co obxecto de manter ou aumentar a competitividade das súas explotacións. Tales actividades formativas van dirixidas a persoas do medio rural que traballen ou vaian traballar nestas actividades, incluídos os mozos e as mulleres, para potenciar o asentamento da poboación e a substitución xeracional diversificando as actividades económicas no medio rural e a igualdade entre homes e mulleres.

Táboa 7. Plan de formación

Actividades formativa		
Sector: AGRARIO E AGROALIMENTARIO		
F1. EDUCACIÓN AMBIENTAL PARA A SUSTENTABILIDADE DAS EXPLOTACIÓNS Xustificación: O uso dos xurros e sobre todo un correcto emprego de fitosanitarios e imprescindible para o desenvolvemento dunha actividade agraria que en deixar de ser viable sexa non dañina para o medio ambiente, que no territorio de actuación e clave para preservar outras formulas de economía como o turismo. A sensibilización e a formación neste eido tornase polo tanto vital para o futuro do rural do Salnés-Ulla-Umia. Xustificación DAFO: D: 7,8,12,16; A:3,5,7; F:1,10,15; O:4,9	Formato	Presencial
	Duración	Mín. 8 horas
	Perfil alumnado	Profesionais do sector agrario e novos emprendedores e poboación activa en xeral interesada.
	Requisito persoal formador	Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector
F2. XESTIÓN DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS Xustificación: Unha boa formación acerca de xestión viable e responsable pode converter as explotación agrarias en empresas con capacidade para xerar riqueza. Formarse en	Formato	Presencial
	Duración	Mín. 8 horas
	Perfil alumnado	Profesionais do sector e novos emprendedores e poboación



cuestións como contabilidade, procesos de negociación, apertura de novas oportunidades de comercialización en canais de proximidade, etc.. podo abrir novas portas ao sector para ser máis competitivo. Xustificación DAFO: D:7,8,16,18,19;A:3,5,7;F:1,10,14,15; O:9,12,15		activa en xeral interesada.
	Requisito persoal formador	Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector
F3. CADERNO DIXITAL DE EXPLOTACIÓN AGRARIA Xustificación: O Caderno dixital dunha explotación xa no é unha opción e tornase en obrigado, polo cal será preciso abrir canles de formación acerca de como o gandeiro/agricultor ten que levar ao día este “diario” con datos das actividades na explotación no referente ás actuacións fitosanitarias, a aplicación de fertilizantes, as regas practicadas, así como outras prácticas agrarias e non agrarias, e información indispensable relativa á xestión das explotacións. Xustificación DAFO: D: 7,8,16; A:3,5,7; F:1,10,15; O:4,9	Formato	Presencial
	Duración	Mín. 4 horas
	Perfil alumnado	Profesionais do sector e novos emprendedores e poboación activa en xeral interesada.
	Requisito persoal formador	Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector

Actividades formativa		
Sector: SERVICIOS A POBOACIÓN		
F4. A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DOS SERVICIOS ASISTENCIAIS Xustificación: A necesidade da poboación maior para acceder a determinadas propostas interactivas de xestión tales como solicitudes de citas médicas, ou comunicacións directas de	Formato	Presencial
	Duración	Mín. 4 horas
	Perfil alumnado	Persoas maiores dependentes e familiares das mesmas



emergencias fan preciso esta formación que pode mellorar a capacidade de reacción e urxencia nas actuacións tan necesario neste ámbito da poboación. Xustificación DAFO: D: 8,15,16; A:3 ; F:- ; O:5	Requisito persoal formador	Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector
F5.CURSO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA Xustificación: Cada día a poboación en xeral debe de facer as súas tramitacións habituais de xeito electrónico en calquera das administracións, incluso nas municipais sendo as mesmas ás máis achegadas ao cidadán. Apenas existe formación específica para o uso destas canles sendo como son hoxe en día de uso obrigado pola cidadanía. Xustificación DAFO: D: 8,16; A:3 ; F:- ; O:9	Formato	Presencial
	Duración	Mín. 4 horas
	Perfil alumnado	Poboación en xeral
	Requisito persoal formador	Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector

Actividades formativas		
Sector: EMPRESARIAL, AGRARIO, COMERCIO E TURISMO		
F6. MARKETING EMPRESARIAL E USO DAS REDES SOCIAIS Xustificación: As iniciativas de autoemprego ou pequenas empresas teñen hoxe en día no uso das ferramentas dixitais, concretamente nas redes sociais unhas aliadas para chegar dun xeito máis convincente ao consumidor, que cada vez máis emprega as mesmas como canle informativa acerca das súa potenciais	Formato	Presencial
	Duración	Mín. 8 horas
	Perfil alumnado	Emprendedores e empresarios de diversos sectores, principalmente aqueles que se dedican a venta directa.



necesidades de compra. É polo tanto necesario para a empresas dispoñer de coñecementos sobre como colocar o seu produto no escaparate da rede. Xustificación DAFO: D:8,15,16;A:3,7;F:1,11,12,13,14; O:1,9,10,13,14,15	Requisito persoal formador	Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector
F7. COMERCIO ELECTRÓNICO PARA PEMES Xustificación: As iniciativas de autoemprego ou pequenas empresas teñen hoxe en día no uso das ferramentas dixitais. O comercio electrónico a través de diferentes canles de pagamento, así como as liñas propias de reserva de praza, cita, etc.. son instrumentos cada vez mais necesarios xa que a venta a distancia e a inmediatez do servizo son claves o desenvolvemento da empresa. Xustificación DAFO: D:8,15,16;A:3,7;F:1,11,12,13,14; O:1,9,10,13,14,15	Formato	Presencial
	Duración	Mín. 8 horas
	Perfil alumnado	Emprendedores e empresarios de diversos sectores, principalmente aqueles que se dedican a venta directa.
	Requisito persoal formador	Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector

I.6. PLAN DE COOPERACIÓN E TRABALLO EN REDE CON OUTROS GDR E ENTIDADES

O GDR SALNES ULLA UMIA, en colaboración cos restantes GDR de Galicia a través da Asociación de GDR, está a participar na definición e posta en marcha de grupos de traballo, tanto **grupos focais temáticos** como por tipos de territorios. Estes grupos de traballo iniciaron a súa actividade durante a elaboración das EDLP, en particular na fase de definición dos obxectivos e liñas estratéxicas e de concreción do Plan de acción de cada GDR. Os grupos de traballo están concibidos para axudar a identificar ámbitos de colaboración e sinerxías a medio e longo prazo entre os diferentes territorios, así como posibilitar o intercambio de ideas no deseño das accións da EDLP.



Os Grupos de Traballo son unha iniciativa de colaboración entre GDRs de Galicia co espírito de coordinar as súas EDLP. Estes grupos teñen como obxectivo abordar retos comúns e aproveitar oportunidades de desenvolvemento territorial nos territorios dos GDR participantes.

A través da cooperación e coordinación entre os GDR e outros axentes relevantes, os Grupos de Traballo buscan promover a reunión, formación, intercambio de coñecementos e a creación dunha rede de traballo en torno á temática elixida. O seu obxectivo principal é articular proxectos e accións que teñan un impacto positivo nos territorios rurais e traballar para a obtención de fondos que permitan o seu desenvolvemento.

O proceso de posta en marcha dos catro GT definidos previamente divídese en dúas fases. A primeira, consistente na definición do obxectivo deste GT, das súas temáticas, dos GDR que os forman e da metodoloxía a empregar para a súa posta en funcionamento. A segunda fase, que consistirá na posta en marcha dos GT, se iniciará coa aprobación das EDLP e se prolongará durante toda a implementación das estratexias.

En concreto, a participación nos Grupos Temáticos facilitaralle ao GDR SALNES ULLA UMIA, entre outros, os seguintes aspectos:

- Poñer en común a experiencia dos períodos anteriores, tratando de extraer leccións aprendidas para o período 2023-2027.
- Reunirse, formarse, compartir e crear unha rede de traballo entre os GDR e con axentes das temáticas dos GT serán as principais liñas de traballo, co obxectivo de articular proxectos que teñan impacto nos territorios.
- Intercambiar ideas sobre os obxectivos para este novo período,
- Tentar resolver problemas territoriais detectados mais alá da competencia LEADER e fomentando a consolidación dos GDRs como axentes do territorio.
- Posta en marcha de proxectos cara á obtención de fondos para os territorios, máis alá do que nos posibilita o LEADER é un dos obxectivos principais destes Grupos de Traballo.
- Explorar as posibilidades de coordinar proxectos e actuacións e buscar unha mellor definición dos tipos de proxectos a apoiar.

Como primeiro paso, xa se conformaron por parte do conxunto dos GDRs de Galicia a través da Asociación de GDR, as diferentes áreas focais dos temas de maior interese



para ser abordados en grupos temáticos. O GDR Salnés-Ulla-Umia, en base ao recollido no proceso participativo Leader considera que debe formar parte das áreas focais que se identifican no cadro que se reflicte a continuación, xa que as mesmas son percibidas polo territorio como de interese para levar a adiante diferentes accións que afonden no desenvolvemento das mesmas máis aló de seren priorizadas nas normas de xestión da EDLP.

TEMÁTICA
Innovación dixital e telecomunicacións
Recuperación de terras agrarias-Ferramentas para a xestión do territorio
Turismo en zonas rurais
Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario

Nunha segunda fase, estes GT baixo un regulamento de réxime interno aínda por definir, traballarán baixo a seguinte metodoloxía que se indica a continuación, coas seguintes consideracións:

- A metodoloxía de traballo a desenvolver será un proceso aberto e vivo. Polo tanto acordarase que se ao longo da implementación das estratexias, no caso de detectarse a necesidade de crear outros GT, os GDR interesados organizaranse en función dos seus intereses comúns.
- Así mesmo, se dentro dun GT actual se detecta a necesidade de crear subgrupos en beneficio da súa eficacia u eficiencia poderase e deberase constituír tales subgrupos.

1. Elaborar e aprobar un regulamento de uso interno para garantir o correcto funcionamento dos GT e a obtención dos seus obxectivos.
2. En base ás matrices DAFO de cada GDR, elaborarse unha relación de necesidades e potencialidades, en cada temática do GT, para resolver as debilidades, ameazas e/ou potenciar as fortalezas e oportunidades dos seus territorios. A continuación haberá que acordar e reflectir cales das necesidades son de interese común para os diferentes territorios e, sobre elas, marcar prioridades.
3. Segundo a priorización de necesidades e potencialidades haberá que marcar obxectivos xerais e obxectivos específicos dos GT.

4. Definir plan de acción e as correspondente liñas estratéxicas e indicadores para o seu seguimento e avaliación
5. Tamén será de interese identificar os axentes e entidades de interese para os diferentes GT que, de maneira puntual, poidan participar co obxecto de formar, consultar, ou establecer colaboracións.

A estratexia de desenvolvemento local debe de incluír unha liña específica de axudas para a implementación dun **Plan de cooperación** entre Grupos de Desenvolvemento Rural. O obxectivo desta axuda é fomentar a cooperación dos Grupos tanto dentro da Comunidade Autónoma como no resto de España ou da Unión Europea.

Os Grupos que participen nun proxecto de cooperación deben ter intereses comúns nun determinado ámbito, sempre relacionado coa estratexia, e a cooperación debe favorecer a aprendizaxe mutua e buscar solucións comúns a problemas concretos.

A axuda consiste nunha subvención dos gastos que realicen os Grupos para a preparación e posta en práctica destes proxectos de cooperación.

Os proxectos de cooperación entre Grupos deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Implicarán a posta en común de ideas, coñecementos, recursos humanos e materiais, incluídos os financeiros, ao redor da consecución dun obxectivo de interese compartido e mediante a execución das accións que se consideren necesarias.
- b) Os seus obxectivos deberán ser coherentes cos obxectivos definidos nas estratexias de desenvolvemento local Leader.
- c) Deberán respectar os principios de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e de non discriminación.
- d) Deberán implicar a execución dunha acción en común. Os gastos preparatorios de estudos ou intercambio de información poderán ter a consideración de fase previa, pero non de proxecto de cooperación como tal. A cooperación non se poderá limitar a un intercambio de experiencias e deberá supoñer a realización dunha acción común integrada.
- e) Promoverán a participación dos sectores socioeconómicos do territorio, tanto públicos como privados, afectados polos fins e obxectivos do proxecto.

Nos proxectos de cooperación entre Grupos tamén poderán colaborar as entidades locais, fundacións, asociacións, cooperativas, sociedades agrarias de transformación, sociedades mercantís ou empresarios individuais, organizacións empresariais e, en



xeral, calquera persoa física ou entidade con personalidade xurídica que efectúe unha achega económica ao proxecto ou manifeste o seu interese, estatutario ou adoptado, para contribuír ao seu desenvolvemento.

O acordo de participación e o compromiso de financiamento das entidades colaboradoras deberán quedar reflectidos nun documento vinculante. As entidades colaboradoras do proxecto non teñen a consideración de beneficiarias das subvencións reguladas por esta orde.

Táboa 8. Plan de cooperación e traballo en rede

Identifícanse con carácter inicial aqueles proxectos que o GDR ven levando a cabo no período actual de programación 2014-2020 e que se entende están a supoñer un éxito tanto no seu desenvolvemento como na consecución dos obxectivos propostos. Aparte vese durante o desenvolvemento dos mesmos que queda aínda percorrido para chegar a cumprir co fin último dos proxectos que non é outro que implantar un novo nicho económico territorial que a través de medidas innovadoras posibilita a implantación de novas iniciativas relacionadas cos proxectos, co cal cabe seguir apostando por desenvolver os proxectos e manter a cooperación cos grupos participantes.

C1. INTERRITMOS: SONS DO RURAL	
GDR ou entidades	GDR 18 Deloa, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 6 Ribeira Sacra Courel, GDR 17 Salnés-Ulla-Umia, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte
Descrición	Interritmos xurdiu como un proxecto de cooperación a nivel nacional desenvolvido entre os anos 2011-2014, no que participaron 11 grupos de desenvolvemento rural de Galicia, Cantabria, Castela León, Andalucía e Extremadura. Debido ao elevado grado de participación do sector, e da implicación da poboación, a Asociación Deloa, seguiu celebrando unha das accións máis valorada do proxecto “o festival Interritmos”, de música tradicional ata a actualidade, poñendo en práctica diferentes formatos. Prantésaxe este proxecto para continuar desenvolvendo estas actividades de fomento da cultura musical dos territorios no período de programación LEADER 2023-



	2027 desenvolvéndose como proxecto de cooperación entre varios GDRs galegos.
Obxectivos da cooperación	- Apoio ás capacidades de creación local no ámbito da música con base tradicional e de raíz, como eixo de desenvolvemento rural e de emprendemento emerxente. - Impulso da profesionalización e visibilización de grupos e solistas vinculados á música tradicional e ao territorio. - Facilitar espazos de intercambio entre músicos e profesionais da Industria Musical. - Conectar a música con base tradicional e de raíz con outros elementos do patrimonio cultural inmaterial galego.
Forma de colaboración	O proxecto Interritmos nos últimos anos veu desenvolvéndose como unha actividade de traballo en rede entre varios GDRs. A cooperación vai supor un valor engadido que se reflicte na utilización dunha metodoloxía común a tódolos territorios, o que permite o intercambio de coñecementos e experiencias que poden levar á adopción de mellores prácticas. A idea principal sería continuar coas liñas de traballo desenvolvidas ata a actualidade coa execución deste proxecto e con sucesivos proxectos de cooperación, co fin de que estas accións sexan permanentes na medida do posible.
Accións concretas	Accións comúns: - Elaboración das Bases do Concurso que rexerán o proxecto INTERRITMOS SONS DO RURAL. - Posta en marcha dunha plataforma web de inscrición e o seu mantemento. - Recepción dos temas artísticos e das inscricións, así como a comprobación do cumprimento dos requisitos das bases e publicación na plataforma web. - Elección e designación dos membros do Xurado. - Posta en marcha da AUDICIÓN, na que participarán os dez grupos finalistas elixidos polo Xurado. - Comunicación aos premiados e realización de todas as xestións necesarias para a obtención dos premios. - Elección e adquisición dos obsequios (artesanía e/ou produtos tradicionais) que se van a entregar a cada un dos participantes en Interritmos. - Elaboración da memoria final do proxecto.



	Accións individuais: - Organización e o desenvolvemento de xornadas formativas vencelladas á realización da AUDICIÓN e circuítos musicais dos grupos gañadores. - A organización e o desenvolvemento das actuacións ou eventos que formen parte do Circuito musical dos grupos gañadores e da xornada formativa. Outras accións a maiores das indicadas, sempre que estas teñan coherencia co proxecto.
--	--

C2. XORNADAS IXP VIÑOS DE GALICIA	
GDR ou entidades	GDR Pontevedra Morrazo, GDR Adercou, ADL Deloa, GDR Mariñas – Betanzos e GDR Salnés -Ulla-Umia.
Descrición	Os territorios das IXP vitícolas de Galicia teñen moito potencial para o desenvolvemento de iniciativas turísticas de crecente demanda, vinculadas ao viño e a súa cultura. O enoturismo configúrase polo tanto, como un mercado de grande interese que ofrece unha oferta turística diferenciada, sostible e de calidade, adaptada ás demandas dos visitantes que buscan experiencias auténticas, culturais e gastronómicas Para afrontar o difícil reto de desenvolver o enoturismo nas IXP de viño de Galicia será necesario buscar sinerxías a través dun proxecto de cooperación que permita promocionar o patrimonio vitivinícola de cada zona, promover o turismo sostible, dinamizar a economía local, poñer en valor a tradición e cultura do viño, e crear experiencias turísticas únicas.
Obxectivos da cooperación	- Fomento do enoturismo nas IXP vitícolas de Galicia e dar a coñecer os seus viños. - Promover e consolidar os Itinerarios enoturísticos das IXP de Viños de Galicia. - Impulsar a formación e colaboración entre os axentes do sector vitivinícola das IXP. - Posicionamento e promoción dos viños e adegas das 5 IXP de Galicia. - Contribuír á sustentabilidade económica das IXP vitícolas galegas. - Mellora da visibilidade e recoñecemento das IXP de Viño de Galicia. - Contribuír a un turismo sostible e dinamizar a economía local
Forma de colaboración	Cooperación LEADER



Accións concretas	As IXP vitivinícolas galegas representan un valioso patrimonio enolóxico e cultural. Para dar a coñecer e consolidar os itinerarios destas IXP, as adegas e os seus viños, propóñense as seguintes accións: 1. Plan comunicación orientado a mellorar o posicionamento enoturístico das IXP de viños de Galicia e os seus viños. – Consolidación do relato enoturístico. Avanzar na construción dunha imaxe e narrativa propia para cada IXP. – Contidos multimedia, como vídeos de presentación de adegas, entrevistas a persoas viticultoras, titorías de cata, etc. para descubrir de forma interactiva a diversidade das IXP e os seus viños. – Crear una guía en liña con recomendacións sobre que facer, ver, comer etc. en cada unha das IXP vitivinícolas de Galicia. – Sinalización intelixente para facilitar as visitas e posicionar estas rutas entre os potenciais enoturistas e favorecer a promoción destes destinos. – Xestión da Web e redes sociais (Facebook, YouTube e Instagram) e monitorización e seguimento durante o proxecto. 2. Creación dunha Rede de colaboradores das Rutas dos viños de cada unha das IXP de viños de Galicia combinando as potencialidades da industria do viño e do turismo e promovendo a participación de múltiples actores públicos e privados 3. Formación e colaboración entre os axentes do sector vitivinícola da IXP. Impulsar a asociación de adegas das IXP de viños de Galicia incluíndo formación enoturística e apoio a adegas e entidades colaboradoras para mellorar habilidades e coñecementos 4. Visitas guiadas e catas comentadas polos itinerarios e as adegas e/ou entidades colaboradoras en cada unha das IXP de viños de Galicia para dinamizar os itinerarios enoturísticos. 5. Xornadas enogastronómicas de divulgación e promoción dos viños, da gastronomía local e dos itinerarios das IXP de viños de Galicia. 6. Difusión e promoción – Campaña publicitaria en medios dixitais para dar a coñecer os viños e Adegas das 5 IXP de Galicia. – Crear folletos e mapas detallados dos itinerarios enoturísticos e distribuílos en puntos clave como oficinas de turismo, hoteis e adegas. – Organizar concursos e sorteos para incentivar as visitas aos territorios, adegas, viñedos etc. – Crear un pasaporte da Ruta dos viños das IXP de Galicia Merchandising e outros elementos de promoción dos itinerarios
--------------------------	---



O GDR Salnés-Ulla-Umia detecta a necesidade de prantexar novos proxectos que permitan afrontar novos retos do territorio. O primeiro dos aquí expostos está xa sendo desenvolto por GDR galegos (concretamente Pontevedra Norte, Asdecomor e Comarca de Lugo) e ten influencia na ordenación do territorio agrario co fin de viabilizar mellor a súa produtividade, e achéganse ademais outros tres exemplos de potenciais cooperación transnacionais correspondentes a unha bolsa de proxectos achegados pola Redes Estatal de Desenvolvemento Rural (REDER) e que ben puideran ser opcións validas unha vez se ten en conta a súa temática.

C3. ORDENACIÓN TERRITORIAL DA TERRA AGRARIA A TRAVÉS DO SISTEMA DE PERMUTAS	
GDR ou entidades	GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 6 Ribeira Sacra, GDR 16 Terras de Pontevedra Norte, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte, GDR Salnés-Ulla-Umia
Descrición	Proxecto de cooperación para o estudo da ordenación da terra agraria a través do sistema de permutas. O obxectivo principal da actuación é poñer en práctica en varias zonas piloto con características diferentes o procedemento de ordenación da terra agraria a través do sistema de permutas que permita avaliar a súa aptitude para aplicar o mesmo en zonas nas cales non existen problemas nin de identificación da titularidade do parcelario, nin necesidade de mais infraestrutura viaria, sobre todo naquelas áreas con actividade consolidada e co fin de mellorar a produtividade das explotacións existentes e/ou o nacemento de novas iniciativas.
Obxectivos da cooperación	- Avanzar no desenvolvemento dunha ferramenta sinxela de ordenación territorial orientada a mellorar a competitividade das explotacións a través do redimensionamento en terra das mesmas. - Crear unha aplicación/plataforma tecnolóxica que permita facer dende os usuarios propostas de



	modificación territorial a través de permutas dunha área agraria determinada. - Coñecer fórmulas de loita contra o minifundio doutros lugares onde se están a desenvolver dende a iniciativa pública e/ou privada. - Expor a validez da ferramenta para diferentes áreas e contornas agrarios. - Avaliar os custes da ferramenta para valorizar a mesma como unha solución válida en áreas con boa infraestrutura de camiños e accesos. - Establecer un procedemento legal ao amparo da Lei de Mellora da estrutura territorial Agraria(METAGA) e da Lei da Recuperación da Terra Agraria de Galicia, que poida ser tomada como base regulamental por parte da administración (Xunta de Galicia).
Forma de colaboración	Hai moitas ferramentas para acadar o éxito na ordenación do territorio e recuperación da terra agraria en desuso, como son os polígonos agroforestais, as aldeas modelo, ou as experiencias de xestión conxunta, pero todas elas teñen principalmente cabida en áreas onde a produción primaria está en abandono ou en descenso de produtividade, xa que naquelas áreas onde a presión sobre a terra é alta debido a existencia de múltiple actividade agraria, estas figuras non resolven a problemática dunha mala estruturación da terra e polo tanto precísanse outras fórmulas de ordenar o territorio para que o mesmo poida adquirir unha mellor condición produtiva. Este proxecto de cooperación pretende plasmar sobre o terreo as múltiples posibilidades que ten a figura das permutas á hora de poñer en valor a terra agraria e favorecer o redimensionamento das explotacións, ademais de configurar un esquema e/ou procedemento de xestión do mesmo que sexa aplicable de xeito correcto



	e eficaz en calquera agraria de Galicia onde se cumpra cos criterios delimitados nas Leis de referencia. Ao tempo pretende servir como elemento demostrativo e avaliador dos custes (a priori menores) dun procedemento que pode ter unha forte implementación en áreas con actividade agraria consolidada. O feito de que se realice esta acción nos GDR que cooperan ven precedido por estudo previo e pormenorizado do que poden ofrecer cada un dos territorios de referencia, que si ben teñen unha similitude que os une que é a súa importancia dentro do sector da gandería de leite, e polo tanto unha presión moi alta sobre o uso da terra agraria e derivado da mesma unha necesidade imperiosa de procesos de concentración do parcelario, teñen situación diferentes no que á ordenación se refire o que as fai aptas para aportar diferentes visións sobre a aplicación do mesmo procedemento ou posibles aplicacións diferentes ante diferentes problemáticas
Accións concretas	- Análise do proxecto piloto levado a cabo no GDR 4 Comarca de Lugo. - Implementación dunha área virtual de estudo nos outros grupos como base de análise para tratar de implementar un piloto real nun territorio concreto. - Identificación de zona piloto. - Visita de traballo (explotación e GDR) co obxecto de comprobar “in situ” o funcionamento das SAFER Francesas. - Visita de traballo para ver a xestión pública do solo en Hungría (redivisión entre propietarios privados, volta á propiedade privada logo do post-comunismo). - Creación de comisión técnica/legal para elaboración de procedemento. - Elaboración de plataforma GIS de autorrealización (previa) de proxecto de permutas.



	- Difusión do proxecto e dos seus resultados entre explotacións e cooperativas.
--	---

C4. PAISAXES INTELIXENTES II	
GDR ou entidades	GDR 6 Ribeira sacra Courel, GDR 18 Deloa, GDR 19 Terras de Compostela, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte GDR 17 Salnés-Ulla-Umia
Descrición	Dentro do período de programación LEADER 2014-2020 cinco GDRs galegos puxeron en marcha un proxecto de cooperación denominado “Paisaxes Intelixentes”, que foi iniciado no último trimestre do ano 2022 e que se atopa en execución na actualidade. O proxecto “Paisaxes Intelixentes II” pretende seguir na liña do anterior contribuindo a desenvolver e promover a mobilidade de terras; a recuperación de cultivos e novas formas de produción no entorno dos núcleos rurais; a deseñar cintos verdes e iniciar procesos de transición enerxética nas aldeas do rural galego
Obxectivos da cooperación	- Fomento de planificación participada para xerar iniciativas piloto de paisaxe intelixente nos territorios participantes - Valorar as posibilidades dos distintos territorios en canto a parámetros bioclimáticos, agronómicos e de razas de gandería autóctona e sementes para activar novas iniciativas que permitan a recuperación da paisaxe - Estudar as posibilidades de comercialización de produtos agrogandeiros-forestais en mercados de proximidade - Formación e impulso do cooperativismo - Impulsar a transición enerxética
Forma de colaboración	A cooperación vai supor un valor engadido que se reflexa na utilización dunha metodoloxía común a tódolos



	territorios. As sinerxías entre os diferentes territorios e a busca de solucións a carencias técnicas comúns xustifican a cooperación. O territorio de actuación é o de cada un dos GDR participantes. Seguiríase cooperando continuando coas liñas de traballo desenvolvidas no proxecto anterior coa execución deste proxecto e doutros similares, co fin de que estas accións sexan permanentes na medida do posible.
Accións concretas	Accións comúns, como poden ser: faladoiros e xornadas formativas relacionadas cos obxectivos do proxecto; xornadas específicas sobre a lei de recuperación da terra agraria; material informativo e divulgativo; viaxes de estudio e aprendizaxe; gastos de asistencia técnica; etc... - Accións individuais: xornadas de divulgación do proxecto en cada territorio; identificación de novas zonas piloto; posta en marcha de parcelas experimentais de produtos agrarios; fórmulas de xestión conxunta; presentación de resultados; etc...

C5. MUSEOS VIVOS II	
GDR ou entidades	GDR 6 Ribeira sacra Courel, GDR 10 Limia-Arnoia, GDR 18 Deloa, GDR 19 Terras de Compostela, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte GDR 17 Salnés-Ulla-Umia
Descrición	O proxecto de cooperación "Museos Vivos" é unha iniciativa que busca promover a colaboración e intercambio entre museos e institucións culturais de diferentes rexións ou territorios. O seu obxectivo principal é poñer en valor o patrimonio cultural e fomentar a súa interpretación e divulgación a través de actividades e programas en común. Incorporáanse as novas tecnoloxías para a apertura e funcionamento destes elementos de



	dinamización comarcal en sintonía coa Acción da Comisión Europea denominada “Smart Villages”. Preténdese dar continuidade a este proxecto a través da cooperación entre varios GDRs galegos, co obxecto de impulsar a divulgación e promoción dos valores etnográficos, culturais, naturais e medioambientais dos seus territorios.
Obxectivos da cooperación	- Deseño e execución de accións conxuntas que permitan a apertura e realización de visitas a estes Centros ou Museos. - Deseño conxunto de instrumentos Smart para a divulgación do patrimonio etnográfico, patrimonial e natural dos territorios rurais. - Deseño e execución de Rutas Temáticas de Centros e Museos. - Deseño de estratexias de promoción destes Centros e accións dinamizadoras ao redor destes elementos. - Mellora da Imaxe dos territorios e das entidades promotoras.
Forma de colaboración	A través desta cooperación, buscase enriquecer a oferta cultural, promover o patrimonio e achegar á cidadanía unha experiencia cultural máis diversa e enriquecedora, favorecendo o acceso ás instalacións a través de implementación de solucións tecnolóxicas
Accións concretas	- Plataforma Web de Apertura, Seguimento e Control: O proxecto contará cunha central de control de accesos aos museos e centros adheridos, que estará baseada nunha plataforma web interactiva, desde onde se realizarían os labores de control de accesos e videoseguimento. Este sistema smart de apertura poderá realizarse grazas á implantación ou ampliación da área wifi ás zonas dos museos participantes, que será custeado polos propietarios destes museos sexan asociacións ou entidades locais.



	- Web de Promoción Territorial dos GALs Participantes. - Elaboración de Dvds/Anuncios: Para cada un dos GDRs. - Presentacións e Asistencia a Feiras de Turismo e Eventos Promocionais.
--	--

C6. MI PUEBLO MI VIDA_O MEU POBO A MIÑA VIDA	
GDR ou entidades	Por determinar
Obxectivos da cooperación	- Fomentar entre a poboación nova o sentido de pertenza, arraigamento e, polo tanto, frear os procesos de despoboamento. - Xerar autoconfianza entre os mozos nas súas propias capacidades para afrontar proxectos profesionais e persoais, e lograr o aumento da motivación dos mozos para chegar a ser cidadáns activos capaces de comprometerse co desenvolvemento do seu territorio, fomentando a participación. - Fomentar o espírito asociativo entre os mozos dos territorios socios do proxecto, xerando procesos participativos.
Forma de colaboración	Cooperación LEADER NACIONAL
Accións concretas	As propias dos elementos de animación, comunicación e transparencia (webs, uso de RRSS, etc.), xunto con outras por determinar entre os GDRs participantes a hora de elaborar os proxectos.

C7. AÚN NO ES TARDE_AÍNDA NON É TARDE	
GDR ou entidades	Por determinar
Obxectivos da cooperación	- Definir as distintas tipoloxías arquitectónicas locais - Conservación do patrimonio cultural edificado - Traballar a idea do patrimonio como xerador de benestar - Procesos integrais de planificación e xestión baixo un modelo - Contribución ao desenvolvemento sostible - O patrimonio como recurso para o establecemento dun tipo de turismo de calidade
Forma de colaboración	Cooperación LEADER NACIONAL
Accións concretas	As propias dos elementos de animación, comunicación e transparencia (webs, uso de RRSS, etc.), xunto con



	outras por determinar entre os GDRs participantes a hora de elaborar os proxectos.
--	--

C8. LEARNING	
GDR ou entidades	Por determinar
Obxectivos da cooperación	- Posicionar estratexicamente aos grupos no marco da opinión pública e nun plano de rendibilidade política e institucional fronte ás administracións financiadoras do programa LEADER. - Análise e selección de boas prácticas por temáticas de traballo do grupo e unha campaña de márketing e difusión a través das canles de comunicación habituais e mediante as novas tecnoloxías e as redes sociais.
Forma de colaboración	Cooperación LEADER NACIONAL
Accións concretas	As propias dos elementos de animación, comunicación e transparencia (webs, uso de RRSS, etc.), xunto con outras por determinar entre os GDRs participantes a hora de elaborar os proxectos.

I.7.PLANIFICACIÓN TEMPORAL

Planificación temporal preliminar, por semestres, para a execución dos proxectos e accións recollidos nos apartados I.2 a I.6 (táboas 5, 6, 7, 8).

Táboa 9. Planificación temporal dos proxectos e actividades

	Semestres													
Proxectos/ actividade	2023 I	2023 II	2024 I	2024 II	2025 I	2025 II	2026 I	2026 II	2027 I	2027 II	2028 I	2028 II	2029 I	2029 II
Proxectos e accións específicas con impacto significativo														
P1														
P2														
P3														
P4														
Actuacións propias de animación (Externas e Internas)														
AE1														
AE2														
AE3														
AE4														



AE5														
AE6														
AE7														
AE8														
AE9														
AI10														
AI11														
AI12														
AI13														
AI14														
AI15														
AI16														
Actividades formativas														
F1														
F2														
F3														
F4														
F5														
F6														
F7														
Actividades de cooperación														
C1														
C2														
C3														
C4														
C5														
C6														
C7														
C8														

I.8. NORMAS DE XESTIÓN E BAREMO

As normas para a selección, baremación e priorización dos proxectos están descritas nos baremos que presentamos de seguido, pero en todo casos os proxectos presentados deberán recibir a aprobación por parte de Agader.



Requisitos de subvencionabilidade dos proxectos:

- ✓ Viabilidade: ser viable técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os proxectos non produtivos.
- ✓ Adecuación do proxecto á estratexia de Desenvolvemento local definitiva
- ✓ Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, nacional e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- ✓ De ser finalista, que na data de xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionables se cumpran os obxectivos e función para os cales foron aprobados os proxectos. Non serán subvencionables fases dun proxecto que non constitúa una actividade finalista.

Para que un proxecto poida ser baremado e subvencionado deberá responder aos seguintes criterios de subvencionalidade:

- ✓ Carácter innovador, entendido non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos do territorio.
- ✓ Viabilidade: o proxecto debe ser viable técnica e economicamente, comprobándose especialmente a súa viabilidade financeira.
- ✓ Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento definida.

Así mesmo, establecéronse unha serie de criterios que teñen o carácter de obrigatorios, polo que o incumprimento dalgún destes criterios será causa de denegación do proxecto. Os criterios de obrigatorio cumprimento son:

1. O proxecto deberase acometer na zona de aplicación do Programa (Comarcas de Caldas e O Salnés): Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Cuntis, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Moraña, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa. Quedando excluídas as entidades singulares de poboación de máis de 6.000 habitantes. O ámbito destas entidades singulares de poboación será o definido polo INE e coa delimitación establecida pola oficina do catastro de cada Concello, de maneira que no caso de dúbida, requiriráselle un informe a este departamento para que indique se o



proxecto se localiza dentro destas entidades singulares de poboación excluídas ou non.

2. Os beneficiarios deben estar ao corrente das obrigacións tributarias e da seguridade social.

3. Que o proxecto non este iniciado antes de solicitar a axuda. Sen embargo, poderanse subvencionar fases de proxectos globais xa iniciados cando esas fases poidan seren consideradas como proxectos finalistas en sí mesmas, sendo obxecto da solicitude de axuda as devanditas fases finalistas non iniciadas. Entenderase por fase ou proxecto finalista o proceso que conduza á obtención dun resultado final propio, aínda que dependa da execución doutras partes ou proxectos, previos ou paralelos, para a súa obtención.

4. O destino das inversións debe manterse ao menos durante 5 anos dende a certificación da finalización das inversións, a menos que exista lexislación específica máis restritiva ao respecto.

5. No caso de iniciativas de natureza produtiva todos os beneficiarios deberán cumprir os requisitos de pequena empresa relacionados coa cifra de negocios, número de empregados e balance xeral que se indicarán no convenio a firmar entre o GDR e as Administracións que financien.

6. Respetar as normativas urbanísticas vixentes, dispoñer de permisos, autorizacións, inscricións e rexistros ou calquera outros requirimentos que sexan exixibles pola Comunidade Autónoma ou municipio, para o tipo de mellora ou actividade de que se trate.

As axudas concedidas no marco do programa Leader **serán incompatibles con calquera outras que, para o mesmo proxecto e finalidade, leven cofinanciamento comunitario**, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros...).

Coa excepción anterior, as axudas concedidas no marco do programa Leader serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos públicos e privados destinados a financiar o mesmo proxecto, sempre que:

- ✓ O importe acumulado das axudas non exceda do custo da actividade subvencionada.
- ✓ O importe total das axudas públicas non exceda dos límites máximos previstos na normativa de axudas do estado.



Os proxectos que o GDR seleccionará serán de dúas tipoloxías:

- **Proxectos Produtivos:** proxectos que supoñen a realización dunha actividade económica, tendentes á produción de bens ou servizos e que supoñen unha creación ou mantemento de emprego. Os proxectos de natureza produtiva acadarán, cando menos, o 65% dos fondos públicos totais asignados ao GDR no ámbito da submedida para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo.
- **Proxectos Non Produtivos:** proxectos promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais, comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades, que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica. No suposto de que o proxecto constituía unha actividade económica, terá a consideración de non produtivo cando os ingresos que se xeren procedan de taxas no caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais. No resto dos casos, tanto para os proxectos promovidos por entidades públicas locais en que os ingresos proceden de prezos públicos como nos casos de proxectos promovidos por outros promotores distintos ás entidades públicas locais, os proxectos poderán ter a consideración de non produtivos cando o beneficio neto non chegue a superar o valor de capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro. En todo caso, esixirase que os proxectos non produtivos teñan un interese público ou colectivo, é dicir, deberán ser proxectos que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito ao conxunto da poboación en xeral.

Os proxectos de natureza non produtiva acadarán, como máximo, o 35% dos fondos públicos totais asignados ao GDR no ámbito da submedida para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo.

LIMITACIÓNS SECTORIAIS

Atendendo a **RESOLUCIÓN de 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das**



estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas no DOG Num. 89, do 10 de maio de 2023 por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) establece as limitacións sectoriais concretas por razón de complementariedade e de coherencia con outros investimentos públicos que incidan sobre o territorio.

A maiores tamén se dispón, en ditas bases, que será un Convenio coa Axencia de Turismo de Galicia, o que dispoña as limitacións no relativo ás actuacións en dito sector. Por parte do GDR, establécense unha serie de limitacións específicas territoriais que se delimitan no seguinte cadro.

LIMITACIÓNS NA TIPOLOXÍA DE INVESTIMENTOS

- ✓ En investimentos que consistan en actividades económicas do **sector servizos**, serán subvencionables, tanto proxectos de nova creación coma de modernización e/ou ampliación, sempre que estean incluídos nos seguintes grupos de clasificación CNAE 2009, os códigos do grupo **75, 87, 88, 95 e 96**.

7500 Actividades veterinarias

8710 Asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios

8720 Asistencia en establecementos residenciais para persoas con discapacidade intelectual, enfermidade mental e drogodependencia

8731 Asistencia en establecementos residenciais para persoas maiores

8732 Asistencia en establecementos residenciais para persoas con discapacidade física

8790 Outras actividades de asistencia en establecementos residenciais

8811 Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores

8812 Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas con discapacidade

8891 Actividades de coidado diúrno de nenos

8899 Outras actividades de servizos sociais sen aloxamento n. c. o. p.

9511 Reparación de ordenadores e equipos periféricos

9512 Reparación de equipos de comunicación

9521 Reparación de aparatos electrónicos de audio e vídeo de uso doméstico

9522 Reparación de aparatos electrodomésticos e de equipos para o fogar e o xardín

9523 Reparación de calzado e artigos de coiro

9524 Reparación de mobles e artigos de menaxe

9525 Reparación de reloxs y xoiaría

9529 Reparación de outros efectos persoais e artigos de uso doméstico

9601 Lavado e limpeza de prendas téxtiles e de pel

9602 Perruquería e outros tratamentos de beleza

9603 Pompas fúnebres e actividades relacionadas

9604 Actividades de mantemento físico

9609 Outros servizos persoais n. c. o. p.



E no caso de proxectos de **nova creación**, ademais de cumprir co requisito anterior, deben estar localizados nunha parroquia que non dispoña dese mesmo servizo, (xustificarse a non existencia doutra actividade similar na parroquia, mediante certificación do concello que faga referencia ao epígrafe do imposto IAE, no que a empresa/empresador vai a desenvolver a súa actividade principal).

- ✓ En investimentos no **sector comercio polo miúdo** serán subvencionables, tanto proxectos de nova creación coma de modernización e/ou ampliación. No caso de proxectos de **nova creación**, deben estar localizados nunha parroquia que non dispoña dese mesmo comercio, (xustificarse a non existencia doutra actividade similar na parroquia, mediante certificación do concello que faga referencia ao epígrafe do imposto IAE, no que a empresa/empresador vai a desenvolver a súa actividade principal).

No caso de produtos de artesanía, estes deben ser feitos por artesáns da área, o artesán debe estar en posesión da carta de artesán e ter o seu domicilio fiscal na área do GDR.

En ningún caso será subvencionable a adquisición das mercadorías destinadas á venda.

- ✓ Para os investimentos en **establecementos turísticos** e para os investimentos en actividades económicas do **sector servizos no marco do sector da hostalaría** rexerá o convenio de colaboración en vigor entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Axencia de Turismo de Galicia. E no caso de novos aloxamentos, será obrigatorio poñer en marcha un mínimo de **4 habitacións**. Así mesmo estes proxectos deben de establecer no Plan de Xestión unha oferta complementaria de actividades no territorio ben de xeito directo ou a través de acordos asinados con terceiros.
- ✓ Os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de **servizos agrarios e/ou forestais** quedan excluídos de financiamento a través do programa LEADER.
- ✓ Quedan excluídos aqueles investimentos promovidos polas **entidades públicas locais** relacionados coa prestación dos servizos enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como os servizos esenciais para os cales o artigo 86 da citada lei declara a reserva a favor das entidades públicas locais e os de prestación mínima



previstos no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

✓ Os proxectos de **sinalización territorial** quedan excluídos. Os proxectos de sinalización turística promovidos polos GDR limitaranse ás condicións e requisitos establecidos na resolución do 7 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas de AGADER.

✓ Os investimentos consistentes na elaboración de **estudos, edición de libros ou guías e páxinas web** terán un límite máximo de axuda de 10.000,00 € por proxecto.

✓ Para os investimentos no sector das **enerxías renovables** queda excluído de financiamento a través do programa Leader calquera tipo de investimento en enerxías renovables cuxo destino ou finalidade principal sexa a venda á rede.

✓ No caso de investimentos que incidan na **recuperación elementos do patrimonio histórico e cultural** de Galicia, os mesmo deben de estar identificados ben no Catalogo de Patrimonio da Xunta de Galicia ou ben como elemento protexido nun inventario público de carácter municipal (PXOM, Plan Básico, etc...).

DEFINICIÓN: Realizarase unha valoración do ámbito de actuación, do tipo de ente promotor que levará a cabo o proxecto, e do efecto sobre a vertebración do territorio.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN: Valorarase a aqueles promotores que fomenten o equilibrio territorial, favorecendo a equidistribución das rendas e da poboación considerando este aspecto a través do ámbito das actuacións e tamén o carácter supramunicipal do ente promotor da actuación.

Entenderase como “Ámbito de actuación do proxecto supramunicipal” cando un proxecto supoña unha inversión/actuación ou teña efectos directos en dous ou máis concellos da área (guía de recursos ou servizos,...).



Entenderase como “Ente promotor supramunicipal” cando desenvolvemento dun proxecto o leve a cabo unha entidade de carácter supramunicipal (como pode ser a Mancomunidade, Deputación,...).

Valorarase tamén especialmente a aqueles proxectos que estean vinculados á vertebración do territorio, mellorando a calidade de vida no mesmo (inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación; integración de comunidades marxinais e de inmigrantes; o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable; mellora de accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación, así como o seu uso no medio rural; ás dotacións para residencias e vivendas).

Características do promotor no caso de promotores privados.

DEFINICIÓN: Valorarase si o promotor é individual ou colectivo. Entenderase por **promotor individual**, a persoa física e xurídica cun único socio, e no caso de que esa persoa xurídica teña como único socio outra empresa, considerarase individual se esta última está constituída por un único socio persoa física, e por **promotores colectivos** o resto de promotores (empresas formadas por mais dun socio, cooperativas, empresas de economía social, concellos, asociacións, comunidades de montes, ...). Outro aspecto a valorar é a tipoloxía **das entidades promotoras de determinados colectivos** (colectivos de mulleres (menor ou igual de 41 anos), mozos/mozas, persoas con discapacidade, persoas maiores (maiores 65 anos) ou inmigrantes). Tamén se valorará o **ámbito de repercusión do proxecto ou inversión**, que poderá ser municipal ou supramunicipal.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN: A puntuación do ámbito de repercusión do proxecto/actuación vai a depender de se o proxecto é de carácter supramunicipal (ten repercusión/impacto en varios municipios) ou de carácter municipal (ten repercusión/impacto nun só concello).

Entenderase como “Ámbito de repercusión do proxecto supramunicipal” cando un proxecto supoña unha inversión/actuación ou teña efectos directos en dous ou máis concellos da área.

Para determinar a puntuación en función do número de promotores que impulsan o proxecto establecéronse dous tramos de valoración, tal como mostra a táboa seguinte. Por outra banda, valorarase que os promotores que presenten actuacións sexan colectivos de mulleres (menor ou igual de 41 anos), mozos/mozas, persoas con discapacidade, persoas maiores (maiores 65 anos) ou inmigrantes.



Características do promotor e do proxecto <u>no caso de promotores públicos</u>			20
Ámbito de actuación		8	
	Supramunicipal	8	
	Municipal	4	
Ente promotor		6	
	Supramunicipal	6	
	Municipal	3	
Potenciación da vertebración do territorio		6	
	Proxectos que estean vinculados á vertebración do territorio	6	
	Proxectos que non estean vinculados á vertebración do territorio	3	
Características do promotor no caso de promotores privados			20
Ámbito de repercusión		7	
	Supramunicipal	7	
	Municipal	3	
Número de Promotores (non acumulables)		3	
	Individual (Persoa Física e Xurídica cun único socio, no caso de que esa persoa Xurídica teña como único socio outra empresa, considerarase individual se esta última está constituída por un único socio persoa física)	1	
	Colectivo (Resto de promotores)	3	
Tipoloxía de Colectivo que promove a actuación: mulleres, mocidade (≤ 41 anos), pers. discapac., pers. maiores (> 65 anos), inmigrantes ou parados.		10	

3. Impacto sobre o territorio.

Finalmente, o último bloque de criterios contemplados a hora de valorar os proxectos son os relativos ao impacto que os mesmos teñen sobre o territorio, e que son:

Impacto sobre territorio	Puntuación Máxima
3.1 Xurdimento de novas iniciativas empresariais e creación de emprego	10
3.2 Tipoloxía de proxectos	10
3.3 Incidencia sobre colectivos determinados e sobre a mellora da calidade de vida	10
3.4 Incidencia medioambiental	10
TOTAL PUNTUACIÓN	40

3.1 Xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego. (max 10 puntos non acumulables)

DEFINICIÓN: Este criterio valorará dous aspectos, a capacidade para xerar novas iniciativas na zona e a creación do emprego, xa que se pretende potenciar o emprego



estable na comarca dada a negativa evolución dos índices de desemprego.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN: O primeiro aspecto a valorar neste criterio é a capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona.

No caso do ítem “Capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona” xustificarase a non existencia doutra actividade similar no concello mediante informe do concello que faga referencia a mesma.

Como segundo aspecto valorarase o número de empregos creados. Terase en conta para o cálculo o criterio da ratio de “investimento /emprego creado”. É dicir, adquiriran mais puntuación en función do investimento de cada un dos empregos creados.

Xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego (entenderase por posto de traballo creado un posto a xornada completa durante todo o ano, os contratos de duración inferior computaranse proporcionalmente) NON ACUMULABLES				10
Non se desenvolve na actualidade unha actividade similar no concello				10
Creación de emprego: Ratio investimento elixible/nº de empregos creados. A partir de 0,25 utas				10
	<30.000€ investimento elixible/ nº emprego	10		
	>=30.000 e <60.000 investimento elixible/nº emprego	5		
	>=60.000 investimento elixible/nº emprego	3		

3.2 Tipoloxía de proxectos (max 10 puntos non acumulables)

DEFINICIÓN: Valoraranse neste apartado unha serie de proxectos que se consideran de carácter prioritario dende o punto de vista da mellora da calidade de vida como son os servizos a Terceira idade ou de facilitar a conciliación, o proxectos que fomenten o emprego das TICs, a recuperación patrimonial tanto natural como cultural, os novos servizos asistenciais de ocio e deportivos, ou os proxectos que incidan na recuperación da terra agraria.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN: Valorarase en xeral diversos aspectos que se detallan na táboa seguinte.



Tipoloxía de proxectos			10
<i>Tipoloxía de proxectos</i>			10
Servicios sociais básicos para a terceira idade, conciliación da vida familiar e laboral e colectivos con discapacidade ou dependencia	10		
Proxectos que impliquen o emprego das novas tecnoloxías	10		
Proxectos de recuperación patrimonial, natural, paisaxística e etnográfica	10		
Servicios de ocio, educativos, asistenciais e actividades deportivas	7		
Proxectos que incidan na recuperación da terra agraria en desuso e/ou abandono	7		
Proxectos cuxo obxectivo sexa a creación ou mellora de entornas para o ocio da poboación	5		

3.3 Incidencia sobre colectivos determinados e sobre a mellora da calidade de vida

DEFINICIÓN: Valoraranse neste apartado a incidencia que as actuacións teñan sobre determinados colectivos (mulleres, mocidade, integración de colectivos de especial dificultade,...) e sobre a mellora da calidade de vida da poboación.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN: Valorarase especialmente a **incidencia que as actuacións teñan sobre colectivos determinados**, que serán: colectivos de mulleres, colectivos de mozos/mozas, colectivos de persoas con discapacidade, colectivos de persoas maiores, colectivos de inmigrantes e colectivos de parados de longa duración.

Incidencia sobre colectivos determinados e sobre a mellora da calidade de vida (NON ACUMULABLES)			10
<i>Incidencia sobre colectivos determinados</i>			10
<i>Colect. de mulleres, Colect. de mozos/mozas, Colect. de persoas con discapacidade, Colect. de persoas maiores, Colect. de inmigrantes e Colect. de parados</i>	10		
<i>Resto de poboación</i>	5		

3.4 Incidencia medioambiental

DEFINICIÓN: Valoraranse neste apartado os proxectos que inclúan medidas de loita contra as incidencias do cambio climático (emprego de enerxías renovables, ordenación produtiva das terras, proxectos que incidan na redución da pegada de carbono e proxectos que desenvolvan medidas de aforro da auga). E tamén serán valorados os proxectos que se leven a cabo en zonas con figura de protección natural (LIC, ENIL, Rede Natura, etc...).



METODOLOXÍA DA VALORACIÓN: Valorarase en xeral diversos aspectos que se detallan na táboa seguinte.

Incidencia medioambiental (ACUMULABLES)		10
<i>Proxectos que inclúan medidas de loita contra as incidencias do cambio climático (emprego de enerxías renovables, ordenación produtiva das terras, proxectos que incidan na redución da pegada de carbono e proxectos que desenvolvan medidas de aforro da auga)</i>	5	
<i>Proxectos realizados en zonas cunha figura de protección natural (LIC, ENIL, Rede Natura, etc...)</i>	5	

REGRAS BASICAS DO BAREMO.

No baremo determináronse os rangos de puntuación e as variables ou aspectos concretos a considerar en cada criterio, do xeito máis obxectivo posible, para que todos os potenciais beneficiarios teñan pleno coñecemento do que se vai ter en conta para avaliar un proxecto.

A continuación, aplicaranse diferentes regras básicas para traducir esa puntuación obtida no baremo nunha porcentaxe de axuda determinada, segundo se trate de proxectos produtivos ou de proxectos non produtivos.

Para proxectos produtivos.

Para proxectos produtivos esixirase un mínimo de 20 puntos ou mais para que o proxecto sexa subvencionable, a porcentaxe de axuda para esta nota de corte será do 15%. A partir deste mínimo e ata 69 puntos repartirase proporcionalmente a porcentaxe de subvención entre os puntos acadados e, por último, entre os 70 e os 100 puntos o proxecto acadará a contía máxima de subvencionalidade (que quedou establecida no 50%).

A porcentaxe de axuda entre o máximo (50%) e o mínimo (15%), unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima, calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a unha cifra decimal. Así, por cada punto a partires dos 20 puntos mínimos a axuda incrementárase nun 0,70% en base ao seguinte cálculo:



$$\left[(\text{puntos do proxecto} - 20) \times \frac{35}{50} \right] + 15 = \% \text{ de subvencionalidade ata 69 puntos}$$

$\downarrow A$ $\uparrow B_1$ $\uparrow C$
 $\downarrow B_2$

A = Puntos mínimos para ser subvencionado.
 B₁ = valor en porcentaxe da diferenza entre o máximo subvencionable e a porcentaxe mínima.
 B₂ = diferenza entre o valor de punto do baremo a partir do cal se acada a máxima subvención e o valor de puntos de baremo mínimo para que sexa subvencionable.
 C = % de subvención mínima

Para proxectos non produtivos.

Para os proxectos non produtivos establecerase unha escala de porcentaxes de axuda diferente para cada un das categorías de priorización dos proxectos, de tal modo que en cada categoría a porcentaxe máxima de axuda se corresponda co tope fixado para a mesma.

As categorías de priorización dos proxectos, ás que corresponden as intensidades máximas de axuda indicadas en cada caso, son as que se inclúen a continuación.

A porcentaxe de axuda entre o máximo (90%, 70% ou 50%) e o mínimo (30%), unha vez definidas a nota de corte (20 puntos) e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (entre 70 e 100 puntos), calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a unha cifra decimal.

Proxectos de **prioridade alta**, por cada punto a partires dos 20 puntos mínimos a axuda incrementarase nun 1,20% en base ao seguinte cálculo:

$$\left[(\text{puntos do proxecto} - 20) \times \frac{60}{50} \right] + 30 = \% \text{ de subvencionalidade ata 69 puntos}$$

$\downarrow A$ $\uparrow B_1$ $\uparrow C$
 $\downarrow B_2$

A = Puntos mínimos para ser subvencionado.
 B₁ = valor en porcentaxe da diferenza entre o máximo subvencionable e a porcentaxe mínima.
 B₂ = diferenza entre o valor de punto do baremo a partir do cal se acada a máxima subvención e o valor de puntos de baremo mínimo para que sexa subvencionable.
 C = % de subvención mínima



Proxectos de **prioridade media**, por cada punto a partires dos 20 puntos mínimos a axuda incrementarase nun 1,60% en base ao seguinte cálculo:

$$\left[(\text{puntos do proxecto} - 20) \times \frac{40}{25} \right] + 30 = \% \text{ de subvencionalidade}$$

A = Puntos mínimos para ser subvencionado.
 B₁ = valor en porcentaxe da diferenza entre o máximo subvencionable e a porcentaxe mínima.
 B₂ = diferenza entre o valor de punto do baremo a partir do cal se acada a máxima subvención e o valor de puntos de baremo mínimo para que sexa subvencionable.
 C = % de subvención mínima

Proxectos de **prioridade baixa**, por cada punto a partires dos 20 puntos mínimos a axuda incrementarase nun 2,22% en base ao seguinte cálculo:

$$\left[(\text{puntos do proxecto} - 20) \times \frac{20}{9} \right] + 30 = \% \text{ de subvencionalidade}$$

A = Puntos mínimos para ser subvencionado.
 B₁ = valor en porcentaxe da diferenza entre o máximo subvencionable e a porcentaxe mínima.
 B₂ = diferenza entre o valor de punto do baremo a partir do cal se acada a máxima subvención e o valor de puntos de baremo mínimo para que sexa subvencionable.
 C = % de subvención mínima

Criterio de desempate.

Empregarase un único criterio de desempate no caso de que dous proxectos acaden a mesma puntuación. O criterio será o da orde na presentación do proxecto por rexistro, sendo preferente o máis antigo. Para elo terase en conta o día, a hora, minuto e segundo de presentación.



ANEXO: LISTADO DE CENTROS SOCIAIS E CULTURAIS DO GDR SALNES ULLA UMIA			
CONCELLO	PARROQUIA	NUCLEO	CASA DE CULTURA
A ILLA DE AROUSA	San Xulián	Arousa	casa de cultura de a illa de arousa (sociocultural)
CALDAS DE REIS	Arcos da Condesa	San Martiño	Casa de Cultura de Arcos da Condesa
CALDAS DE REIS	Bemil	Outeiro	Casa de Cultura de Bemil
CALDAS DE REIS	Bemil	Paradela	Centro Social e cultural de Paradela
CALDAS DE REIS	Carracedo	O Gorgullon	Casa de Cultura de Carracedo
CALDAS DE REIS	Godos	O Reguengo	Centro Sociocultural de Godos
CALDAS DE REIS	Saiar	Sequeiros	Centro Social e cultural de Sequeiros
CALDAS DE REIS	San Andrés	Reirís	Centro Social e cultural de Reiris
CALDAS DE REIS	San Clemente	A Igrexa	Casa de Cultura de San Clemente
CALDAS DE REIS	Santa Maria	O pazo	Casa de Cultura de Santa Maria
CALDAS DE REIS	Sto Tomé e Sta María de Caldas	Caldas de Reis	Auditorio municipal
CALDAS DE REIS	Tivo	Tivo	Centro Social e cultural de Tivo
CAMBADOS	Castrelo	O Agro	Centro cultural de castrelo
CAMBADOS	Corbillón	A Seca	Centro cultural de Corbillon
CAMBADOS	Oubiña	Bouza do rei	Casa de Cultura de Oubiña
CAMBADOS	Oubiña	Bouza do rei	Casa da cultura de Vilariño
CAMBADOS	Vilariño	Sineiro	Centro Social de oubiña
CATOIRA	Abalo	Cores	Centro social de Abalo
CATOIRA	Catoira	A Ponte	Casa das artes



CATOIRA	Dimo	Tarrio	Centro social de Dimo
CATOIRA	Oeste	Fabeira	Centro social de Oeste
CUNTIS	Cequeril	SEBIL, CEQUERIL	ANTIGA ESCOLA DE SEBIL
CUNTIS	Cuntis	Cuntis	CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENTIL JOSÉ RAÍDO “PATELAS”
CUNTIS	Cuntis	Cuntis	CASA DA CULTURA “ROBERTO BLANCO TORRES”
CUNTIS	Cuntis	Cuntis	“CASA DO MÉDICO”
CUNTIS	Cuntis	Cuntis	PAVILLÓN MUNICIPAL
CUNTIS	Cuntis	Cuntis	CENTRO SOCIAL PARA PERSOAS MAIORES “CASA DA XUVENTUDE”
CUNTIS	Cuntis	Cuntis	BAIXO SERVIZOS SOCIAIS - ANTIGAS VIVENDAS MESTRES
CUNTIS	Cuntis	Meira	ANTIGA ESCOLA DE MEIRA
CUNTIS	Cuntis	Mesego	ANTIGA ESCOLA DE MESEGO
CUNTIS	Estacas	Teaño	CENTRO SOCIAL “ESCOLA UNITARIA DE TEAÑO”
CUNTIS	Estacas	Magán	ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE MAGÁN
CUNTIS	Furco	A Gandara	ANTIGA ESCOLA DE ARCOS - A GÁNDARA
CUNTIS	Piñeiro, San Mamede	A Igrexa	CENTRO SOCIAL “ESCOLA DE SAN MAMEDE”
CUNTIS	Portela	Portela	CENTRO SOCIAL “ESCOLA DE PORTELA”
CUNTIS	San Miguel de Couselo	Couselo	ANTIGA ESCOLA DE COUSELO
CUNTIS	Santa María de Cequeril	Cequeril	ANTIGA ESCOLA DE CEQUERIL
CUNTIS	Santa María de Troans	A Cova	CENTRO DE FORMACIÓN COUPACIONAL A RAN



CUNTIS	Santa María de Troans	San Ildefonso	TELECLUB
CUNTIS	Santa María de Troans	San Ildefonso	ESCOLAS UNITARIAS
MEAÑO	Covas	A Aldea de Abaixo	Casa de cultura de Covas
MEAÑO	Dena	A Eirixe	Casa de cultura de Dena
MEAÑO	Lores	Lores	Casa de cultura de lores
MEAÑO	Meaño	Meaño	Casa de cultura de Meaño
MEAÑO	Padrenda	Padrenda	Casa de Cultura de Padrenda
MEAÑO	Simes	Simes	Casa de Cultura de Simes
MEAÑO	Xil	Xil	Casa de Cultura de Xil
MEIS	Armenteira	Vilar	Centro social de Vilar (albergue e local social para cmvmc e asoc)
MEIS	San Lourenzo de Nogueira	O Mosteiro	Centro multiusos (auditorio, biblioteca)
MEIS	San Lourenzo de Nogueira	O Mosteiro	Centro cultural San Lorezo de Meis
MEIS	San Martiño de meis	A Barcia	Centro social de San Martiño
MEIS	San Salvador de Meis	Silvoso	Centro social
MEIS	San vicente de Nogueira	Zacande	Centro social
MEIS	Santa Maria de paradela	Vilanoviña	Centro social
MORAÑA	Amil	Amil	casa de cultura de amil
MORAÑA	Gargantans	Espedregueira	local social gargantas
MORAÑA	Lamas	Lamas	local social de Lamas
MORAÑA	Rebón	Rebón	local social de Rebon
MORAÑA	Saians	Santa Lucia	local social do vuelo
MORAÑA	Saians	Santa Lucia	Local Multiusos de Moraña



MORAÑA	Saians	Santa Lucia	CENTRO SOCIOCULTURAL MUNICIPAL
MORAÑA	Saians	Santa Lucia	CASA DA CULTURA A.D. RODRÍGUEZ CASTELAO
MORAÑA	Santa Xusta	A Bouza	casa de cultura de a bouza
MORAÑA	Santa Xusta	Santa Xusta	Local socila de Santa Xusta
MORAÑA	Santa Xusta	A Igrexa	Centro de interpretación
O GROVE	San vicente	os campos	Casa da Cultura Ángel Vázquez Hereder
PONTECESUR ES	San Xulián	San Lois	Centro Social de puenteceasures
PONTECESUR ES	San Xulián	Infesta	Club xuvenil
PORTAS	Lantaño	Casal	TELECLUB EN LANTAÑO
PORTAS	Portas	Rapeira	Casa de cultura de Portas
PORTAS	Portas	Porta do conde	Casa de cultura Domingo Fontán
PORTAS	Romai	Romai vello	TELECLUB EN ROMAI
RIBADUMIA	Barrantes	Barrantes	Casa da Cultura de Barrantes
RIBADUMIA	Barrantes	Couto de Arriba	Casa de cultura de A piolla
RIBADUMIA	Besomaño	Besomaño	Centro Social de Besomaño
RIBADUMIA	Leiro	Leiro	Centro Social de Leiro
RIBADUMIA	Lois	Lois	Casa de Cultura de Lois
RIBADUMIA	Ribadumia	O Freixo	Casa da Cultural de Ribadumia
RIBADUMIA	Sisán	Sisán	Centro Social de Sisan
SANXENXO	Adina	Portonovo	Casa Mariñeira Don Fernando
SANXENXO	Adina	A Igrexa	Centro Cultural Municipal de Adina
SANXENXO	Adina	Portonovo	Centro de usos multiples de Portonovo
SANXENXO	Adina	Arra	Casa priorato de Arra
SANXENXO	Bordóns	O Outeiro	Casa da cultura de Bordóns



SANXENXO	Dorron	A Granxa	Centro Cultural Municipal de Dorron
SANXENXO	Gondar	Gondar de arriba	Casa de Cultura de Gondar
SANXENXO	Nantes	Contomil	Casa de Cultura de Nantes
SANXENXO	Padriñán	Miraflores	Pazo de cultura Emilia Pardo Bazán
SANXENXO	Villalonga	Vilart	Local de usos múltiples de Villalonga
VALGA	Campaña	A Eirixe	Centro Social de Campaña
VALGA	Cordeiro	Vilarello	Centro Social Vilarello
VALGA	Cordeiro	Moldes	Centro Social Moldes
VALGA	Setecoros	Eirixe	Centro Social de Setecoros
VALGA	Setecoros	Os vilares	Centro Social de Os Vilares
VALGA	Setecoros	Outeiro	Centro Social O Galego
VALGA	Xanza	Sisto	Centro Social de Xanza
VALGA	Xanza	O Outeiro	Centro Social O Pino
VILAGARCÍA DE AROUSA	Arealonga	San Roque	Centro sociocultural de San Roque
VILAGARCÍA DE AROUSA	Arealonga	A Torre	Centro sociocultural da Torre
VILAGARCÍA DE AROUSA	Arealonga	Trabanca Badiña	Centro sociocultural de Trabanca B.
VILAGARCÍA DE AROUSA	Arealonga	A Laxe	Centro Sociocultural da Laxe
VILAGARCÍA DE AROUSA	Bamio	Bamio	Centro sociocultural de Bamio
VILAGARCÍA DE AROUSA	Carril	Carril	Casa da Cultura do Carril
VILAGARCÍA DE AROUSA	Carril	Guillán	Centro Sociocultural de Guillán



VILAGARCÍA DE AROUSA	Carril	Trabanca Sardiñeira	Centro sociocultural de Trabanca S.
VILAGARCÍA DE AROUSA	Cea	Cea	Casa da Cultura de Cea
VILAGARCÍA DE AROUSA	Cea	Castroagudín	C. sociocultural de Castroagudín
VILAGARCÍA DE AROUSA	Cornazo	Os Borrizos	Centro sociocultural de Cornazo
VILAGARCÍA DE AROUSA	Fontecarmoa	Fontecarmoa	Centro sociocultural de Fontecarmoa
VILAGARCÍA DE AROUSA	Rubiáns	Rubiáns	Centro sociocultural de Rubiáns
VILAGARCÍA DE AROUSA	Rubiáns	Rubiáns	Centro sociocultural de Rubiáns
VILAGARCÍA DE AROUSA	Rubiáns	Zamar	Centro Sociocultural de Zamar
VILAGARCÍA DE AROUSA	Sobradelo	O Piñeiriño	Centro Sociocultural do Piñeiriño
VILAGARCÍA DE AROUSA	Sobradelo	Sobradelo	Centro sociocultural de Sobradelo
VILAGARCÍA DE AROUSA	Sobrán	Vilaxoán	Casa da Cultura de Vilaxoán
VILAGARCÍA DE AROUSA	Sobrán	Galáns	Centro sociocultural de Galáns
VILAGARCÍA DE AROUSA	Sobrán	Vilaxoán	Centro sociocultural de Vilaxoán
VILAGARCÍA DE AROUSA	Sobrán	Renza	Centro Sociocultural de Renza
VILAGARCÍA DE AROUSA	Solobeira	O Sixto	Centro Sociocultural do Sixto
VILANOVA DE AROUSA	András	O Cruceiro	Casa de Cultura András
VILANOVA DE AROUSA	Baion	Paderne	Casa de Cultura Baión
VILANOVA DE AROUSA	Caleiro	O Terrón	Casa de Cultura de O Esteiro



VILANOVA DE AROUSA	Caleiro	Corón	Casa de Cultura Corón
VILANOVA DE AROUSA	San Miguel	Viñagrande	Casa de Cultura San Miguel
VILANOVA DE AROUSA	Tremoedo	Gombra	Casa de Cultura Tremoedo



I.9. PLAN FINANCEIRO

SUBMEDIDA	TIPO DE PROXECTO	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA
Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Produtivos	1.490.000 €
	Non produtivos (entidades públicas locais)	720.000 €
	Non produtivos (institucións de carácter privado)	50.000€
	Formación promovida polo GDR	30.000 €
	TOTAL	2.290.000 €
Cooperación Leader	Cooperación	150.000€
	TOTAL	150.000€
Axuda para custes correntes da estratexia de desenvolvemento local e para a animación	Custes Correntes	480.000 €
	Animación	80.000 €
	TOTAL	560.000 €
TOTAL PROGRAMA		3.000.000 €

TIPO DE PROXECTO	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA					TOTAL
	2023	2024	2025	2026	2027	
Produtivos	0	298.000€	447.000€	447.000€	298.000€	1.490.000€
Non produtivos (ent. públicas locais)	0	144.000€	216.000€	216.000€	144.000€	720.000€
Non produtivos (inst. carácter privado)	0	10.000€	15.000€	15.000€	10.000€	50.000€
Formación promovida polo GDR	0	6.000€	9.000€	9.000€	6.000€	30.000€
TOTAL	0	458.000€	687.000€	687.000€	458.000€	2.290.000€
Cooperación	0	37.500€	37.500€	37.500€	37.500€	150.000€
TOTAL	0	37.500€	37.500€	37.500€	37.500€	150.000€
Custes Correntes	0	96.000€	144.000€	144.000€	96.000€	480.000€
Animación	6.000,00€	14.800€	22.200€	22.200€	14.800€	80.000€
TOTAL	6.000,00€	110.800€	166.200€	166.200€	110.800€	560.000€
TOTAL PROGRAMA	6.000,00€	568.800€	853.200€	853.200€	568.800€	3.000.000€



OBSERVACIÓNS AOS IMPORTES MAXIMOS DO CADRO FINANCEIRO
1.- % Proxectos produtivos 65% // % Proxectos Non Produtivos: 35%
2.- % Proxectos non produtivos entidades públicas: 20,00 % - % Proxectos non produtivos entidades privadas: 14 % - % proxectos non produtivos formación: 1 %
3.- % Proxectos de cooperación: 5%
4.- Na última columna determínanse o total dos fondos da estratexia que se destinan a cada submedida.

I.10. PLAN DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

As labores de seguimento, control e avaliación da estratexia serán coordinadas polo equipo técnico do GDR, responsable de identificar de forma periódica e ordenada o cumprimento dos obxectivos en relación co panel de indicadores definido para analizar a execución da estratexia.

O seguimento abarcará os seguintes aspectos clave:

- Posta en marcha da estratexia e das operacións subvencionadas.
- Plan Anual de Actuacións e do cumprimento de fitos (de acordo co panel de indicadores).
- Calidade da implementación da estratexia.
- Orzamento (correspondencia entre a execución financeira e técnica de acordo co calendario establecido).
- Relación directa coa entidade financiadora, e tamén cos organismos executores e beneficiarios.

I.10.1. Recursos para o seguimento da Estratexia

Coa finalidade de establecer un proceso ordenado que permita facer un seguimento de todas as actuacións, farase uso das seguintes ferramentas e recursos:

Informe anual de Seguimento: Este informe reportará sobre os éxitos conseguidos, pero tamén sobre os problemas identificados e as medidas previstas para a súa resolución.

Cuestionario anual de Seguimento: Desde a oficina técnica deseñárase un cuestionario ao obxecto de facer un seguimento global do proxecto baseado nas respostas achegadas polos executores/ beneficiarios e reportar sobre a evolución da estratexia. Estes cuestionarios servirán de base para a elaboración do Informe Anual que se presentará perante a Agader.

Reunións de Seguimento: Organizaranse reunións de seguimento ás que asistirán os beneficiarios e executores principais da estratexia (convocatorias de mesas sectoriais) nas que se revisará a evolución da mesma de acordo con os obxectivos e resultados marcados.

Reunións extraordinarias: Que permitan solucionar posibles desvíos no calendario e cumprimento de fitos e aplicar as medidas correctivas apropiadas.



Comité de seguimento: A Asemblea collera esta representación de Comité de seguimento e será a encargada de avaliar de xeito definitivo a consecución ou non do obxectivos previstos.

I.10.2.Panel de indicadores de seguimento

Para realizar o seguimento e avaliación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo establecéronse un Panel de indicadores co que se poderá medir a evolución da estratexia no tempo a través do cumprimento de fitos.

Este panel reflectirá o cumprimento dos indicadores da EDLP e actualizarase cada anualidade a través dos cuestionarios de seguimento realizados por cada beneficiario/ executor coincidindo coa entrega do Informe Anual de Seguimento. O panel reflectirá os indicadores de relevancia que, suxeitos a cada un dos obxectivos temáticas/ áreas de intervención/ obxectivos estratéxicos/ obxectivos específicos/ medidas/ programas/ proxectos permitirán a posta en marcha de todo o proceso de seguimento e avaliación.

En base aos indicadores que se identifican o final do presente punto de seguimento e avaliación, e as variables concretas asociadas, o equipo técnico establecerá as pautas concretas para a súa extracción e tratamento. A partir deste traballo definirase con precisión que tipo de información en concreto é preciso extraer e cales serán as fontes para a súa obtención (solicitudes de axuda, solicitudes de pago etc...).

Establecerase un sistema de recollida de información, co fin de que as variables poidan ser recollidas adecuadamente desde o inicio de execución da estratexia. Para a análise doutra información requirida para o adecuado cálculo de indicadores (poboación, actividade económica no territorio etc.)/ etc.) utilizaranse fontes estatísticas oficiais, establecendo, se é necesario acordos con organismos pertinentes para a obtención doutras informacións específicas.

Recompilación

Na medida do posible solicitarase a definición de variables nas solicitudes de axudas e convocatorias co fin de que os beneficiarios fornezan esta información nas súas solicitudes. Nos casos necesarios poñeranse en marcha outras técnicas de investigación co fin de obter información adicional: enquisas, entrevistas, controis “in situ” etc.



Extracción, agregación e tratamento:

Unha vez recompilados os datos, manterase un seguimento continuo dos indicadores de execución e anualmente realizarase unha agregación e análise do resto de indicadores, para a súa inclusión no Informe anual de seguimento e de Avaliación, coa colaboración en función da información necesaria da AGADER.

Para poder obter os datos requiridos son os que permitirán dar resposta aos distintos tipos de indicadores que inclúe o sistema de seguimento e avaliación, utilizaranse as seguintes fontes de información:

1. **Indicadores de contexto e xenerais do territorio**, en base a fontes estatísticas actualizadas que se poden atopar nas distintas fontes oficiais:
 - a. Estatísticas oficiais nacionais, do Instituto Nacional de Estatística (INE).
 - b. Datos estatísticos procedentes dos municipios que compoñen o territorio.
 - c. Instituto Galego de Estatística
 - d. Estatísticas oficiais europeas.
 - e. Estudos realizados por diferentes organismos e entidades.
2. **Indicadores target**: Iranse actualizando a partir dos indicadores de execución que os definen. En determinados casos, desenvolveranse estudos específicos orientados a dar resposta aos que non estean dispoñibles.
 - a. Indicadores de execución. As variables concretas que permitan a súa progresiva actualización obteranse de:
 - b. Solicitudes de axuda de cada beneficiario.
 - c. Propostas presentadas en procesos de convocatoria.
 - d. Datos asociados a cada expediente.
 - e. Follas de control de asistencia e participación.
3. **Indicadores de execución financeira**: Realizarase un seguimento continuo, en base a:
 - a. Bases de datos dos expedientes e solicitudes, contías de investimentos previstos e subvencións.
 - b. Bases de datos da AGADER con información dos pagos realizados. Respecto a os recursos utilizados, o seguimento, control e avaliación da implementación da EDLP corresponderá ao equipo técnico do GDR, podéndose apoiar en recursos externos de apoio cando sexa necesario.



Respecto a os recursos utilizados, o seguimento, control e avaliación da implementación da EDLP corresponderá ao equipo técnico do GDR, podéndose apoiar en recursos externos de apoio cando sexa necesario.

I.10.3. Avaliación da EDLP

Igualmente, o equipo técnico ocuparase da Avaliación da EDLP, que incluírá:

Avaliación ex-ante: obxectivos seleccionados.

O Grupo realizou a avaliación da condición ex-ante da estratexia analizando a capacidade desta de cumprir coa consecución efectiva e eficiente dos obxectivos para alcanzar establecidos polo FEADER para este período 2023-2027 e de ter unha incidencia directa nela. Na elaboración da estratexia participaron diferentes axentes do territorio, definindo as necesidades e actuacións que deberían desenvolver para satisfacer as mesmas. Por todo isto a avaliación ex-ante é o punto de inicio para a posterior análise e valoración da implementación da estratexia e consecución dos obxectivos xerais e específicos marcados.

Avaliación durante: impacto e valor engadido.

Realizarase, durante toda a fase de implementación da EDLP, unha avaliación adecuada da mesma contribuíndo á elaboración dos informes de execución que deberán presentarse cada ano.

Achegarase información sobre a execución económica, financeira e o cumprimento de indicadores incorporando os avances na consecución dos obxectivos e os cambios nos valores de indicadores de resultados.

Finalmente, a avaliación durante permitirá analizar e posteriormente achegar á AGADER a información necesaria para cumprir cos estipulado na estratexia:

- Funcionamento dos sistemas de xestión, coordinación e seguimento entre executores e beneficiarios: non reunións, listaxes de asistentes, organización das comunicacións, elevación de actas, atención ás solicitudes dos beneficiarios, cumprimento dos acordos adoptados, etc. •
- Posta en marcha dos programas e proxectos: análise do rol de cada beneficiario en cada un das intervencións e a súa implicación na realización das mesmas. Análise do gasto e do cumprimento do calendario financeiro para a execución da estratexia.
- Análise dos recursos humanos e das capacidades e outros recursos postos ao dispor por cada beneficiario/ executor para o bo funcionamento das actividades.



- Análise de adecuación ás normas financeiras, de publicidade e de comunicación establecidas polos regulamentos comunitarios.
- Análise dos efectos e impactos da estratexia.
- Análise das posibles desviacións e determinar mecanismos correctores.

Avaliación ex-post: informe de resultados. Co obxectivo de permitir examinar a eficacia e a eficiencia do LEADER e a súa contribución á estratexia da Unión para un crecemento intelixente, sostible e integrador, realizarase unha avaliación ex post que permita analizar os resultados conseguidos, os efectos e impactos logrados, etc.

A avaliación deberá realizarse en conxunto co AGADER, mantendo os mecanismos de coordinación empregados dende o mes de agosto do ano 2021 ata a actualidade, tales como as Mesas de Coordinación dos GDRs de Galicia e que son convocadas pola axencia para por en común a implementación das distintas estratexias dos 24 grupos de Galicia.

I.10.4. Informe anual de seguimento

Tódolos anos realizarase un Informe anual de seguimento coa información correspondente ao período de que se trate e a acumulada desde o comezo da Estratexia. O contido do devandito informe incorporase á memoria anual da asociación que se exporá ante todos os socios en sesión da Asemblea Xeral, que deberán aprobar a xestión levada a cabo pola Xunta Directiva.

Sen prexuízo que do devandito informe de seguimento conte coa estrutura e información que AGADER considere relevante, de modo indicativo, espérase que o informe inclúa:

- A evolución da EDLP en relación cos obxectivos establecidos, describindo as medidas, axudas aprobadas e proxectos levados a cabo, xunto cos indicadores que permitan avaliar o mesmo.
- A execución financeira por ámbitos de programación, diferenciando as contías previstas, comprometidas, certificadas e pagas pola Autoridade de Xestión.
- Modificacións que sufrise o Plan Financeiro e descrición dos problemas que xurdisen na xestión da Estratexia e medidas adoptadas para a súa resolución. As modificacións deberán xustificarse razoadamente. A solicitude de modificación deberá ser aprobada pola Xunta Directiva e remitida á AGADER.
- Cambios nas condicións xerais que afectan á execución da EDLP, incluíndo as modificacións nas políticas rexionais, estatais e comunitarias.
- A relación de asociados e novos asociados.



- O persoal que integra os órganos de xestión e de dirección da Asociación.
- O persoal que integra o equipo técnico.
- Os procedementos de xestión, incluíndo os criterios de selección e baremación dos proxectos presentados.



INDICADORES DE RESULTADO

INDICADOR	DEFINICIÓN	VALORES ESTIMADOS PARA O PERÍODO 2023-2027
Número de empresas agrícolas que reciben axuda	Número de empresas que recibiron axuda do GDR para investimentos en reestruturación ou modernización da súa actividade	12
Superficie de terra agraria recuperada	Superficie de terra agraria recuperada obxecto de subvención	525
Lograr un uso máis eficiente da enerxía na agricultura e na transformación de alimentos	Número de explotacións ou empresas dedicadas á agricultura e na transformación de alimentos en proxectos financiados polo GDR	10
Lograr un uso máis eficiente da enerxía nas empresas do territorio	Numero de empresas de proxectos financiados polo GDR	15
Emprego creado	Emprego creado nos proxectos financiados polo GDR: número de postos de traballo	44
Número de poboación rural obxecto de estratexias de desenvolvemento local	Número de poboación beneficiaria polas actuacións financiadas dende o GDR	50.000 hab
Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas	Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas novos ou mellorados	28.000 hab
Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas das tecnoloxías da información e a comunicación	Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas novos ou mellorados vinculados ás tecnoloxías da información e a comunicación - TICs	25.000 hab



INDICADORES DA AVALIACIÓN DA XESTIÓN DO GDR

INDICADOR	DEFINICIÓN	VALORES ESTIMADOS PARA O PERÍODO 2023-2027
Gasto público total	Gasto público	3.000.000 €
Investimento público total en proxectos Non produtivos	Investimento total, en euros, correspondente a proxectos Non produtivos financiados dende o GDR	720.000 €
Investimento público total en proxectos produtivos	Investimento total, en euros, correspondente a proxectos produtivos financiados dende o GDR	1.490.000 €
Número de actividades/operacións	Número de actividades/operacións subvencionadas	126
Número de explotacións/beneficiarios subvencionados	Número de explotacións/beneficiarios subvencionados	12
Superficie total de terra agraria recuperada subvencionada (ha)	Superficie total subvencionada (en hectáreas)	300 ha
Número de contratos	Número total de contratos vinculados á concesión de subvencións dende o GDR	125 creados e/ou consolidados
Número de beneficiarios de prestacións	Número de beneficiarios de prestacións	93
Número de beneficiarios asesorados	Número de beneficiarios asesorados directamente dende o GDR	315
Poboación beneficiaria de servizos/infraestruturas mellorados	Poboación (número de habitantes) beneficiaria de servizos/infraestruturas mellorados (vinculados ás TICs ou outros)	25.000 hab
Número de proxectos Leader financiados	Número de proxectos Leader financiados dende o GDR	126
Número de proxectos de cooperación	Número de proxectos de cooperación subvencionados	7



Número de promotores de proxectos	Número de promotores de proxectos presentados ao GDR para a súa avaliación	250
Tipo de promotores de proxectos	Tipoloxía de promotores de proxectos presentados ao GDR para a súa avaliación, en base a dúas variables: Sexo: home ou muller. Idade: Menos de 35 anos, entre 36 e 50, 51 a 64 anos ou máis de 64 anos	Non é posible facer estimacións previas unha vez se modifican as normas para favorecer un perfil diferente o de períodos anteriores (*)
Número de ferramentas de comunicación utilizadas	Número de ferramentas de comunicación utilizadas polo GDR	23
Número de actividades da REDR nas que participase o GDR	Número de actividades da REDR nas que participase o GDR	3

(*) No período anterior LEADER 2014-2020, a tipoloxía de promotores de proxectos encadrouse maioritariamente no segmento de homes entre 36 e 50 anos.

(**) Estes indicadores están estimados en base a unha proposta financeira de 3M€ para o total da estratexia, o caso de variar esta cantidade na resolución de fondos por parte de Agader, sería preciso recalcular os mesmos.